


## A comarca supera o paso da covid cos gromos controlados e incidencia residual

A comarca de Sarria, que mantivo un perfil baixo na incidencia da covid durante este ano, mantense nestas últimas semanas co virus controlado e con todos os concellos fóra do sistema de alertas decretado por Sanidade e a Xunta de Galicia. Por outra banda, adáptanse ás novas medidas impostas polo comité clínico, que relaxan as medidas en aforos e horarios da hostalaría o que permite retomar moitas das actividades que non se permitían. Volve actuacións, campamentos e reunións, nas que se esixe o cumprimento das normas covid en vigor. **Pax. 11**

## Sarria prepara o San Xoán

O Concello vivirá uns festexos condicionados polo protocolo covid, polo que terán un formato moi similar ao do ano pasado pero con concertos



Finalmente haberá celebración de San Xoán en Sarria, aínda que lonxe das grandes festividades de anos anteriores á chegada da covid. A organización volve estar en mans do Concello, que aínda non ten pechado o programa e que espera presentar estes días xa que as festas darán comezo o mércores 23 na noite das fogueiras e continuarán ata o 27. Avanzaron xa que haberá concertos este ano cos grupos da vila como principais protagonistas e que o prato forte será a actuación de Eloi Caldeiro para pechar unhas celebracións moi demandadas. **Pax. 2-3**

**sarria.** Estudan alternativas para rehabilitar a Ponte Ribeira. **Pax. 5**

**láncara.** Seguen a bo ritmo as obras na ponte de Valdriz. **Pax. 13**

**samos.** Rematan as obras nos accesos as explotacións agrícolas. **Pax. 13**


**o páramo.** Case rematada a construción do anfiteatro. **Pax. 14**

**triacastela.** Rematan as obras da contorna do centro de saúde. **Pax. 14**

**o incio.** Entrevista a Álex Villa, presidente do club de montaña Buxán. **Pax. 15**

**paradela.** Xa se coñecen os gañadores do certame Manuel Oreste. **Pax. 16**

## Sarria Sorri volve este verán á vila




Haberá monólogos dende finais de mes. **Pax. 4**

## Campamento urbano de verán



Sarriaconcilia será a partir do 28 de xuño. **Pax. 5**

## Entrevista ao club local DH Galicia



Organiza un dos eventos máis recoñecidos. **Pax. 10**

## ‘Coñece a túa provincia’, co programa da Deputación

O programa Coñece a túa provincia é unha nova medida que lanza a Deputación para estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalaría e o comercio local

fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños. O prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo. **Pax. 17**

**GASOLEOS RUXIDOIRA S.L.**  
Distribución a Domicilio: Automoción, Agrícola y Calefacción

**SERVIMOS EN 24/48 HORAS**  
Tfno. para pedidos 982 541 308  
Móvil: 679 489 663  
info@ruxidoira.es  
Ctra. Pacios a Treboelle s/n  
Paradela

## SARRIA

# Volven as festas a Sarria

Os organizadores avanza que será un San Xoán sinxelo e cun formato similar ao do ano pasado para preservarse de contaxios

As festas de San Xoán de Sarria darán comezo o vindeiro mércores 23 de xuño e rematarán o domingo 27 de xuño cun concerto de Eloi Caldeiro na praza da vila. O formato, definido dende o Concello de Sarria coma sinxelo e similar ao do ano pasado, intentará ampliar as actividades durante os cinco días que duran os festexos.

Así pois, as festas contarán con pasarrúas, grupos de música de Sarria e actividades que se van a desenvolver, na súa maior parte, na rúa, para conseguir uns festexos sinxelos e sen riscos de aglomeración. As actuacións realizaranse en distintos puntos da vila co fin de chegar á maioría de barrios para que todos os veciños e veciñas vivan un ambiente festivo.

Algún dos grupos da vila que amenizarán as festas de San Xoán son Malditos Roedores, Sound Sisters e Louban. O primeiro, coñecido pola versión Xa non podo co covid, ademais de polas actuacións en Sarria, tocará ás 18:30 horas do xoves 24 por diante do Adarve, na carretera que vai hacia Samos. No caso de Sound Sisters, a actuación levarase a cabo na praza da vila o sábado ás once da noite.

Dende o Concello de Sarria recordan que nas festas ten que primar a responsabilidade e a precaución para conseguir mellorar a situación paseniñamente. Así mesmo, destacan que o San Xoán de Sarria é das primeiras festas que se levan a cabo no verán polo que hai que extremar as precaucións para poder seguir celebrando pouco a pouco



Dous momentos das celebracións de anos anteriores

máis eventos. Finalmente, tamén recordaron que se van a levar a cabo todas as medidas sanitarias correspondentes para facer que as festas de San Xoán, sexan seguras e atractivas para todos os veciños e veciñas da vila.

**CONCERTO DE ELOI CALDEIRO.** A actuación que pechará as festas é o concerto de Eloi Caldeiro, fundador do grupo de folk galego Brath, na praza da vila o día 27 de xuño.

O músico galego presentou este pasado maio un disco-libro con poemas da sarriá Xela Arias, autora á quen se lle adicou este ano o Día das Letras Galegas. Así pois, uniu diferentes pezas das obras Denuncia do equilibrio e Tigres coma cabalos para formar O equilibrio dos tigres. O estilo do disco é moi variado xa que conta con sonoridades dos anos oitenta e con pop, sen embargo, o que predomina fundamentalmente é o rock.



## Sound Sisters será un dos encargados de amenizar as festas

Un dos nomes que xa se coñecen para animar as festas de San Xoán de Sarria son Sound Sisters, que esperan con impaciencia a primeira gran festa trala covid. Tomi Solano, un dos membros do grupo fala das súas expectativas para o San Xoán.

**En que ano naceu o grupo?**  
No verán do 2020.

**Eres integrante de máis grupos ademais de Sound Sisters?**

Toco en varios grupos pero que estean activos só en Sound Sisters e en Leyendas. Sempre traitei de estar implicado en moitos proxectos.

**Que significa para ti actuar nas festas de San Xoán?**

Significa aproveitar un momento no que poidas tocar cun equipo de traballo grande, nunha festa especial para a vila de Sarria.

**Actuaches máis veces nestas festas?**

Pois a verdade é que sí, actuei como seis veces aproximadamente.

**Como prevés que sexan as festas de San Xoán?**

Normales de todo non van a ser, iso está claro, pero espero que sexan o máis amenas posibles para a xente.



**ACTUALIDAD**

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

**AUMENTA TU PENSIÓN**

Reclama el complemento de paternidad

**1ª CONSULTA GRATUITA**

Llámanos: **982 228 606**

# VA

## VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.  
☎ 982 228 606  
📷 veiguelabogados  
📌 veiguela abogados

# “Os bonos do comercio provinciais incentivan á xente a ir a comprar”

A asociación de comerciantes fala da repercusión que ten o San Xoán

Ricardo Arias Alvaredo, presidente da Asociación de comerciantes e empresarios de Sarria, comenta a situación que viven os comerciantes da vila, así coma a repercusión que teñen as festas de San Xoán no consumo.

**Sábese algo dende a Asociación de comerciantes e de empresarios de Sarria sobre a realización das festas de San Xoán? Comunicouse algo dende o Concello de Sarria?**

Dende o Concello de Sarria non comunicaron nada sobre as festas, o único que sabemos é o que saíu pola prensa; da posibilidade de que actuara algún grupo pola rúa pero, según temos entendido, en principio festas como tal non vai haber.

**Que supuxo para os comerciantes de Sarria que o ano pasado non houbera festas?**

Foi coma unha semana normal. A

**As previsións para este ano son similares ás do ano pasado?**

Este ano está sendo un ano moi raro por como evoluciona todo: as medidas sanitarias, a vacinación... Por exemplo, no Arde Lucus parece que van a realizar actividades con limitacións e é incluso antes ca o San Xoán. Por aquí non sabemos nada, non temos información, o único que sei é o das actuacións pola rúa que vin na prensa, aínda que é evidente que ese non é o ambiente de festa habitual. Aínda así, eu entendo que non se poidan facer verbenas, nin festexos coma se nada pasara. Eu penso que vai a ser similar ao ano pasado.

**Como valorades as festa de San Xoán?**

A nivel consumo sempre teñen tirón porque hai máis compras -tanto no sector da alimentación, coma no textil, no da hostalaría...-

a cousa. Se imos ter catro días de festa movemos máis diñeiro pero se resulta que despois, temos que estar pechados dez días, xa perdemos todo o que gañamos. O mellor é ir paseniñamente e dar os pasos en firme. En Sarria, por sorte, non tivemos demasiado problema cos peches porque non houbo grandes brotes e a ver se seguimos así.

**Dende a asociación apoiades o estilo de festas que en principio se van a realizar?**

Hai que ser sensatos, non imos volvernos tolos. A economía ten que seguir e temos que volver a unha actividade normal, pero non volverse tolos. Non pode ser que mañá digan de voltar á normalidade con festas e coa acumulación de xente que había antes. Eso, ao mellor, pagámolo caro. Despois do que vimos durante un ano, a experiencia está aí. Hai que ser sensatos e tratar de que o negocio vaia sobrevivindo.

**Estades recibindo algún tipo de axuda económica?**

Os bonos de comercio que deron dende a Deputación é algo que nos está valendo moito. Están apoiando a que se mova o comercio porque incentiva á xente a ir a comprar aínda que as axudas sean pequenas. Hai xente que quedou sen traballo ou que traballa menos horas, polo que ingresa menos cantidade de diñeiro. Se encima soben impostos, o comercio acaba perdendo clientela. Ao final todos estes aspectos repercuten no consumo.

**A maior axuda que recibistes foron os bonos de comercio?**

Sí, ata agora foi practicamente o que houbo. Tamén é certo que houbo movemento de campañas e axudas individuais que dependían do tipo de actividade comercial. Ao fin e ao cabo, houbo negocios que estiveron máis afectados ca outros.



Ricardo Arias Alvaredo, presidente da asociación de comerciantes

Moitos comercios pediron axudas ou créditos ICO cando estaba todo pechado xa que tiñan moita mercancía comprada e non se vendía. É un tema complexo porque hai moitos factores que interveñen.

**Cerraron moitos comercios na vila de Sarria?**

De momento non se sabe con certeza, algún peche e algún traspaso hai pero non demasiados. Nós, por exemplo, tivemos axencias de viaxes que pecharon. En canto á hostalaría non temos moita e a que temos non pechou, aínda que sí que é certo que ese é un sector que abre e pecha facilmente, sempre hai movemento continuo.

**O Camiño de Santiago e os peregrinos foi outro aspecto que non tivo movemento durante esta época, notouse moito no consumo?**

Sí, foi un aspecto que tamén estivo moi parado e que repercutiu. O ano pasado non houbo case peregrinos, empezou a haber agora pero poucos. Estamos falando que nos medios o ensalzan máis do que realmente é. Outros anos nestas datas estaban pasando case mil peregrinos por Sarria. En xullo e agosto chegábase ata os 2.000 e, actualmente, estamos moi lonxe desas cifras. Sen embargo, o importante é que se vaia recuperando e

que comecen a vir turistas, aínda que non creo que haxa demasiado movemento. De feito, según axencias especializadas, os peregrinos que máis gastan e máis diñeiro deixan suelen ser os de máis lonxe -americanos, australianos, xaponeses-, que son os que probablemente non veñan de momento.

**Consideras entón que a situación nun futuro é bastante incerta?**

Eu creo que é unha situación na que hai que ser optimistas e ao mesmo tempo realistas. Cando vexamos que a xente está vacinada, que non hai contaxios e que, ademais, a xente comeza a moverse a nivel Europa poderemos empezar a notar algo de cambio. Así mesmo, hai que ver o que ocorre a nivel económico. Actualmente estamos sobrevivindo grazas ás diferentes axudas que se nos foron dando pero hai que esperar a que volte a normalidade para poder facer unha predición. A crise do 2008/2009, por exemplo, tardou en chegar a Sarria. Ao principio parecía que non afectaba e ao final acabou afectando de forma importante no comercio. Por tanto, aquí pode pasar o mesmo. O final, inxectar diñeiro para situacións concretas amortigua os golpes, veremos agora se somos capaces de levantar cabeza ou se realmente non somos capaces de sobrevivir sen axudas.



Promoción do Centro Comercial Urbano

nivel de consumo para o comercio e para a hostalaría non tivo efecto ningún, ou moi pouco. Se non se realizan actividades ou algún evento pérdese diñeiro, iso é unha cadea. Aínda que se realice algunha actuación na rúa, o consumo e o peso non son iguais e a nivel comercial ten un efecto importante en canto á perda de beneficios.

Fai que se produza movemento de diñeiro, algo que é bon para o comercio e para o pobo en xeral. O non haber actividade ou haber pouca perxudica a nivel económico pero hai que ser conscientes de que a situación é a que é. O importante é seguir dando pasos, pouco a pouco, porque xa se viu o que ocorría cando se intentaba apurar

**Medinformática**  
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO  
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

**TOSHIBA**

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

[www.medinformatica.es](http://www.medinformatica.es)

## A vila acolleu unha alfombra adicada ao Camiño Francés



Alfombra floral de Sarria

A comisión xestora de entidades alfombristas do Camiño de Santiago, con sede en Ponteareas, elixiu a Sarria como representante do Camiño Francés para facer unha alfombra.

Esta está dentro do marco de O teu Xacobeo, que é un programa de axudas específicas para a dinamización sociocultural do Camiño Santiago e a promoción do Xacobeo 2021-22, promovido pola Xunta de Galicia. A alfombra que se realizou, englobase no proxecto denominado Alfombras para o Camiño, co que se quere poñer en relevo os diversos camiños que conflúen en Santiago de Compostela, a través de algo, como son as alfombras de flores que cada ano se realizan en centenas de vilas e pobos de Galicia, con motivo das festas do Corpus Christi.

Para iso alfombristas de Ponteareas e outras localidades desprazáronse a Sarria o pasado día 12, para realizar esa alfombra ante a Igrexa de San Salvador de Sarria, na rúa Maior. A alfombra reproduciu motivos sacados do Claustro do Mosteiro da Magdalena e o escudo da Orde da Merced.

**PEREGRINOS EN SARRIA.** A octoxenaria vila de Sarria foi lugar de paso

de peregrinos dende a Idade Media, aínda que non figura no Códice Calixtino, a súa historia está ligada ás peregrinacións. Froito deste florecemento cultural e artístico foron a fundación por toda a comarca de diversos mosteiros como Santo Estevo de Calvor (785), Santa María de Corvelle (857) ou San Mateo de Vilapedre (segunda metade do X), San Martiño e Santiago de Barbadeo, San Paio de Piñeira, Santiago de Mortoláns, San Paio de Cesar, San Salvador de Barxa, San Salvador de Rosende, San Mamede de Pinza, San Pedro de Taíde...

Tamén relacionado co Camiño hai que citar o Mosteiro da Magdalena, fundado a principios do S. XIII como hospital e albergue para descanso e abrigo dos peregrinos, por dous relixiosos italianos da Orde dos Bienaventurados Mártires de Cristo. Sarria é unha vila unida á tradición xacobeá ao ser atravesada polo Camiño de Santiago Francés declarado como Ben Patrimonio da Humanidade pola Unesco, sendo a localidade máis poboada do leste en Galicia. Atópase a 111 km de Santiago polo que xa é un punto válido para o peregrinaxe a pé, xa que a distancia mínima para obter a Compostela son 100km.



**LOIS PEREIRO.** O pasado día 1 de xuño fixo 25 anos do pasamento do poeta Lois Pereiro, que, hai tamén dez anos, foi homenaxeado no día das Letras Galegas. Coincidindo con estas datas o Ateneo Casino de Monforte organizou varios actos.

## Sarria Sorri volta para amenizar con humor este verán

Sarria acolle a II edición do Sarria Sorri, que xuntará a algúns dos mellores cómicos do panorama nacional. O ciclo, comezará o 26 de xuño ás 21:30 horas en O Meigallo coa actuación de Miguel Lago e o seu espectáculo *20 anos faltando*, onde o popular cómico e tertuliano televisivo repasará as súas e máis populares rutinas. As actuacións continuarán o 23 de xullo cun inédito espectáculo cos cómicos Oswaldo Digon e Brais Doval, ambos pertencentes o coñecido programa televisivo Malicia Noticias, e onde se podrán desfrutar os novos monólogos dos cómicos galegos.

No mes de agosto chegarán dúas representacións máis. Por un lado, o 8 de agosto, no Campo de Rugby, a única actuación en Galicia deste ano do espectáculo *Lechazo á Feira* onde Xosé A. Touriñán, David Amor, JJ Vaquero e Álex Clavero traerán os seus mellores monólogos para debater, en tono de humor, cal é o mellor sitio para vivir, se Galicia ou Castilla.

Por outro lado, o 14 de agosto, ás 12:00 horas arrincarará cunha divertida actuación infantil gratuita a cargo de Pedro Brandariz na Praza de Santa Mariña. E o mesmo día, no mesmo lugar, ás 21:00h o Sarria Sorri rematará coa actuación de Luis Piedrahita, que traerá o seu último espectáculo que tanto éxito lle está a dar na Gran Vía madrileña.



Os cómicos que visitarán Sarria

Con esta programación, a empresa local Etiqueta Negra Producciones, co patrocinio do Concello de Sarria, reafirman a súa aposta por establecer un ciclo cultural



de nivel na vila lucense. Dende a organización queren destacar a importancia que este ano tivo a colaboración de empresas locais, que arrimaron o ombreiro e quixeron poñer o seu granito de area para que esta ambiciosa edición se levase a cabo en tempos

tan complexos.

Toda a información estará dispoñible en [www.etiquetanegra.org](http://www.etiquetanegra.org). Así mesmo, todas as medidas de protección vixentes estarán activas e controladas durante todo o Sarria Sorri. Os asistentes terán que deixar os seus datos e serán almacenados para o control de posibles bromos. Os aforos reducíronse considerablemente para asegurar suficientes distancias de seguridade. Habrá controles de acceso, postos de xeles, e acomodadores, e sempre se garantirán os fluxos de persoas e as desinfeccións de todas as zonas.

**ENTRADAS.** As entradas estarán a venda tanto vía web, na páxina [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), nos establecementos locais coma no Estanco gallego, O Meigallo e O Casino. Habrá distintos tipos de entradas dispoñibles, tanto para espectáculos individuais, como abonos con descontos para varias actividades.

## A serie O Camiño interior chegou á vila de Sarria

A serie *O Camiño interior* chegou Sarria. O proxecto consiste nunha serie documental de 16 capítulos na que se percorrerá o camiño de Santiago dende León a Fisterra. O luns día 7 comezou a etapa de Triacastela a Sarria Miguel Ángel Tobías acompañado de Jose María Poveda, neuropsiquiatra de traxectoria internacional cunha forte vinculación con Oriente. Tamén, Tobías, iniciou dende o Concello de Sarria a etapa que o levou a Portomarín acompañado de Cristian Sáinz, ex esquiador paralímpico, informático, empresario e cocifeiro. Finalmente, seguiron coa ruta xunto co xornalista e coñecido presentador Quico Taronjé.

A data do estreno da serie aínda está por concretar.

## Exposición fotográfica ata o 29 de xuño

A oficina de turismo de Sarria, sita na antiga prisión preventiva, acollerá ata o día 29 de xuño en horario de 10:00 a 14:00 horas, a exposición fotográfica *Los valores del Camino en 12 meses*, organizada pola Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, baixo a presidencia do Concello de Sarria e cedida por Correos.

A mostra inclúe 12 fotografías, as cales reflexan os principais valores da Ruta Xacobeá que os peregrinos destacan da súa experiencia no camiño de Santiago: forza, espiritualidade, integración, cultura, diversidade, solidariedade, amizade, sensibilidade, sustentabilidade, hospitalidade, esperanza e paz.



Para visitar a exposición en outros horarios hai que concertar visita nos teléfonos 982 535 000 e 982 530 668.

## Estúdanse alternativas para a rehabilitación da Ponte Ribeira

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, desprazouse ao concello de Sarria para informar ao alcalde, Claudio Garrido, da contratación do arquitecto Carlos Rosón, do estudo Adiu, para a posta en valor e conservación da Ponte Ribeira.

A través deste encargo estudáranse as distintas alternativas para rehabilitar a parte alterada dos piares da ponte, co interese de deixar á vista a fábrica orixinal desta histórica ponte Medieval. “Cabe destacar que Ponte Ribeira forma parte das 10 pontes francas que nos atopamos no Camiño Francés, desde Roncesvalles a Santiago, e do arraigamento dos sarriáns e dos galegos en xeral,



Visita dos membros do CHMS á zona

dende hai séculos, ao tránsito de peregrinos pola nosa xeografía ata completar o Camiño” explicou o presidente.

“Desde a CHMS somos sensibles e conscientes do patrimonio cultural asociado ao mundo da auga tan importante no país dos mil ríos e consideramos fundamental

manter as vías de paso orixinais sen obviar a normativa de augas” matizou Quiroga.

“Estamos ante o paso previo á redacción do proxecto definitivo, que sairá da elección dunha das alternativas propostas, que será executado a finais de ano”, concluíu o presidente.

## Sarria acolle un seminario para maiores de 50 anos

Chega a Sarria o seminario Camiños de Coñecemento e Experiencia, un evento que está dirixido a persoas maiores de 50 anos e que se celebrará entre os días 1 e 9 de xullo. As xornadas estarán compostas nuns días dunha parte máis teórica e noutros de rutas e excursións feitas pola contorna de Sarria nas que se poderán ver representados os coñecementos adquiridos.

O día 1 a xornada comezará ás 16:30 horas e participará a doutora en arte medieval Carolina Casal que falará sobre o patrimonio cultural de Sarria. No día 3, poderase ver a teoría máis exemplificada grazas á visita ao castro de Formigueiros e as mámoas de Santa Mariña. Outros temas que se tratarán no seminario serán sobre botánica forestal e sobre personaxes históricos.



O seminario realizarase na biblioteca pública Camilo Gonsar e está organizado polo programa IV Ciclo da Universidade de Santiago de Compostela. A inscrición é gratuita e pode levarse a cabo no correo electrónico omix@sarria.es ou na propia biblioteca pública.

## Egeria publica o libro ‘Aquela nena de Sarria’

O Colectivo Egeria vén de publicar o libro *Aquela nena de Sarria*, sobre os anos sarriáns e lucenses de Xela Arias. Esta obra forma parte do proxecto do mesmo nome, promovido polo colectivo. Este proxecto está composto por unha web, unha exposición itinerante que a finais deste mes terá visitado 42 cidades e poboacións de Galicia, e un catálogo que recolle os contidos da exposición.

O libro, que amplía os contidos da exposición xunto con outras diversas informacións, segue a estrutura da mostra, e conta con poemas e debuxos de arredor de medio cento de estudantes dos institutos de Sarria (coordinados polos profesores Lola Chaos e Eduardo Rey), poemas de autores sarriáns actuais, e das escritoras “compañeiras de viaxe” de Xela, os primei-

ros traballos coñecidos da autora homenaxeada, e colaboracións de Xaime Félix López Arias, que foi cronista de Sarria, gran amigo da familia, e Asunción Fernández Puentes (Siña), Directora do Colectivo Fingoi.

Recolle tamén textos de Avelino Pousa Antelo, Valentín Arias, Amparo Castaño, Lois Arias Castaño, Darío (o fillo de Xela) e once vilariñas dos poetas membros do colectivo Nova Poesía Guitirica.

Nas 184 páxinas desta obra teñen un especial papel as fotos da nenez de Xela facilitadas pola familia Arias-Castaño, en base ás que a pintora e profesora Sabela Arias fixo unha serie de recreacións que lle dan ao libro e ao resto das accións deste proxecto un carácter xuvenil, plenamente acorde con esta primeira etapa vital de Xela.

## Chega este verán o campamento urbano Sarriaconcilia 2021

Chega a Sarria o campamento urbano de conciliación Sarriaconcilia2021. O campamento levarase a cabo do 28 de xuño ao 6 de setembro en horario de 7:30h a 14:30h e vai dirixido a nenos e nenas de entre 4 a 12 anos. Cada quincena disporá de 90 prazas e celebraranse 5 durante ese tempo, polo que o campus está pensado para 450 nenos e nenas. O prezo será de 8,86 euros.

A inscrición pódese facer ata o 5 de xuño, de luns a venres no Ceip Frei Luis de Granada, de 7.30 a 9.00 horas e de 15.00 a 18.00 horas, así como por Anpas ou no correo xunt@

sreescribimosguion@gmail.com. Unha vez rematado o prazo, o día 10 de xuño, chamarase por teléfono aos que foron admitidos. Trala confirmación da praza, haberá que entregar un xustificante de traballo así como a inscrición.

En canto ao campamento, hai a opción de poder elixir entre dous modelos. Por unha parte, unha cun 30% de obradoiros, un 60% de deportes e un 10% de igualdade e outra, cun 60% de obradoiros, un 30% de deporte e un 10% de igualdade.

O programa do campamento conta con actividades coma fútbol, fútbol



sala, baloncesto, zumba, ciclismo, acuáticas, etc; así coma excursións, facendo o camiño de Santiago ou subindo á feira. Tamén se traballarán conceptos educativos e valores a través de xogos e obradoiros.

## Exposición de Yoe33

A vila de Sarria acollerá unha exposición do lucense Yoe33 formada por ilustracións feitas con técnica dixital. As obras son creacións dixitais que se imprimen despois. Así, estarán expostas nove obras que non teñen un tema común, senón que pertencen a coleccións distintas. Así pois, pódense ver obras de temas que non representan a realidade. O artista lucense forma parte de

Concepto Circo, formación creada en 2007 como a unión de varios artistas provintes do mundo do graffiti. A pesar de non expoñer nunca as súas obras en Sarria, Yoe33 xa realizou unha exposición recentemente no museo MIHL, xunto con varios compañeiros. A mostra pódese visitar ata o 8 de xullo, de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas no Garaxe.

### Muebles Celeiro

Vilagade - 27614 - Sama LUGO  
Tel: 982 532 451 Movel: 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com  
mueblesceleiro@gmail.com

Celeiro

Ven ver a nosa exposición

# “Con En bici ao Xograr buscamos coidar medio ambiente e saúde”

José Manuel Valcarce, o director do IES Xograr Afonso Gómez

Unha educación de calidade é a base da sociedade do futuro. Esa é a máxima coa que traballan día a día no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria onde, á marxe das clases das tradicionais asignaturas, a comunidade educativa participa nun sinfín de proxectos innovadores e sociais que lles teñen valido numerosos recoñecementos, mesmo a nivel nacional. Este mes poñían en marcha a campaña *En bici ao Xograr. Anímate a pedalear* coa que tentan ir máis alá e favorecer a creación de rutas seguras para os desprazamentos a pé e en bici na localidade.

**Canto tempo levas como director do IES Xograr Afonso Gómez?**

Levo xa 10 anos como director aínda que, grazas ao apoio recibido por parte de todos os compañeiros e compañeiras, paréce-me que foi onte cando empecei. Xusto esta semana fixemos a solicitude de renovación por outros catro anos máis, que foi apoiada por unanimidade polo Claustro e o Consello Escolar.

**Que esixe ser director?**

Pois moitas cousas, aínda que non se pode con todo: habilidades sociais, competencias emocionais, capacidade de xestión e de traballo, responsabilidade, empatía, etc. A formación tamén é clave, xa que debemos ter dominio dos procedementos administrativos, lexislación educativa e xeral, pedagogía e outras moitas. Eu quedaríame sobre todo coas competencias emocionais e a empatía

**Que ensinanzas impartides no centro?**

No noso centro impártense as ensinanzas da ESO, Bacharelato de Ciencias, de Humanidades e Ciencias Sociais, e un ciclo medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

**Cantos alumnos e alumnas tedes a día de hoxe?**

Ao redor de 370 alumnos e alumnas, 220 na ESO, 130 en bacharelato e 20 no ciclo.

**Cales dirías que son as claves para contribuír a mellorar os resultados académicos dos estudantes?**

É unha pregunta moi complexa de contestar pero eu creo firmemente na colaboración entre familias e docentes e, sobre todo,

na proximidade e implicación do profesorado para co alumnado. Para isto último é fundamental crear un clima de centro que contaxie positividade a todos os docentes e alumnos, outra responsabilidade na que son clave os equipos directivos, que non só o director ou directora.

**Un pilar fundamental no proceso educativo, como dicías, é a familia. Como é a relación das familias co centro?**

Pois moi boa na maioría dos casos aínda que se bota de menos que, segundo avanza a idade dos nenos, os contactos vanse reducindo. Nótase moito cando

ten que ser cero. Nos anos que levo na dirección, que é o que coñezo mellor, non se rexistrou ningún caso grave pero si moitos casos en estadios iniciais, que se cortaron bastante ben. En canto ao protocolo de actuación, temos todos os centros, porén o máis importante é ter sistemas de vixilancia que permitan actuar con prontitude e, sobre todo, poñer en marcha programas proactivos que preveñan esas situacións. No centro desenvolvemos programas de habilidades sociais, de resolución de conflitos e de competencia emocional co alumnado. Todos estes programas axudan a previr



as familias están pendentes e se relacionan con fluidez co centro. A situación actual, na que non nos podemos ver en persoa, non debe botarnos para atrás para seguir en contacto polos medios que temos á nosa disposición, xa sexa telefónico ou telemático.

**Cal é o punto débil dos estudantes que chegan ao instituto?**

Os puntos febles son moi diversos, non responden a un patrón común. Hai que achegarse ás necesidades de cada un de xeito individualizado.

**Un dos temas que máis preocupan na actualidade nas comunidades educativas son os casos de acoso ou bullying. Rexistrouse no centro algún caso e tedes algún protocolo de actuación ante estes casos?**

Por suposto, é algo que ten que preocupar, a tolerancia ao acoso

esas situacións. De feito, o curso pasado acadamos a distinción de ‘Centro graduado no programa Educación Responsable’, despois de tres anos moi intensos de formación.

**Como vos está a afectar a pandemia?**

Pois dificultou as cousas, como en todos os ámbitos da vida. Supuxo un reto que fixo que nos fíramos superando e tamén vai a deixar aprendizaxes positivas. O que teño que recoñecer é que o cansazo físico e psicolóxico está a facer mella e debemos coidar moito os aspectos emocionais.

**Cal é a situación do instituto no tocante ás infraestruturas e dotacións?**

Nos últimos anos o centro renovouse moito, con numerosas obras de mellora, e ten unha excelente dotación tecnolóxica. Cando algún antigo alumno ou



profesor nos visita despois duns anos queda abraiado cos cambios. A nosa aspiración agora mesmo é a ampliación da biblioteca, e temos fundadas esperanzas en que a acadaremos a non moito tardar. Tamén seguimos avanzando en facer do centro un espazo acolledor, aproveitando a decoración para lanzar mensaxes

O que máis precisamos agora é que se establezan rutas seguras para promover que os desprazamentos se realicen andando ou en bici. Contactamos con distintas administracións e fixemos propostas que pensamos que serían doadas de facer nunha vila pequena como Sarria. O alumnado, e tamén unha parte do profesorado que vive en Sarria, está respondendo moi ben á iniciativa e esperamos que co bo tempo aínda sexa mellor. Estaríamos encantados de seguir ampliando os espazos para aparcar as bicis no centro.

**Tedes tamén o selo de vida saudable, que concede o Ministerio de Educación, que supón este recoñecemento?**

Supón un recoñecemento a todo o que se fixo, e tamén unha responsabilidade, xa que o centro comprométese a seguir traballando e promovendo hábitos saudables, tanto no eido da alimentación como da actividade física. Debemos traballar a prol dunha educación integral que, máis aló dos contidos curriculares, axude ao crecemento saudable das persoas e da sociedade.

**O ano pasado conseguistes tamén o distintivo de centro educativo inclusivo...**

Si (ri), estamos levando moitos premios ultimamente. Púxose en marcha un proxecto boísimo, con moitas actividades co alumnado do centro que calaron na sensibilidade de todos. Foi recoñecido co primeiro premio ás boas prácticas en educación inclusiva, e ademais tamén supuxo unha inxección económica de 5000€ que se están a investir en novas actividades inclusivas. A verdade é que participamos en todos os proxectos que nos parecen interesantes. Temos moita sorte de ter un claustro de profesorado moi activo e implicado que ten unha enorme capacidade de traballo.

**Onde está para ti o ‘éxito educativo’?**

En acadar o mellor para cada un dos nosos alumnos.

## Camiña Sarria firma un acordo co PSOE para mellorar dotacións

A Secretaria Provincial do PSdeG, Patricia Otero e o Secretario de Organización Provincial do PSdeG, Juan Valiño mantiveron unha nova xuntanza de traballo con representantes da Comisión Executiva de Sarria na que deron conta do acordo acadado co grupo municipal Camiña Sarria, para investir no Concello o superávit existente nas arcas municipais co fin de facer fronte a varias obras de carácter urgente para o bo funcionamento do Concello de Sarria.

“As 10 propostas que propoñen os socialistas de Sarria son proxectos

e iniciativas moi necesarias, pero ademais moi demandadas pola propia cidadanía. Obras nas rúas máis afectadas da vila, manter a bonificación do IBI do 95%, a rehabilitación da casa das Arsenias, as melloras na Residencia de Maiores ou os bancos de libros gratuítos”, argumentou Patricia Otero.

Os novos proxectos que propón o PSdeG no acordo acadado co grupo municipal Camiña Sarria son a inclusión de previsión orzamentaria para a contratación de obras coma a renovación do firme dende a Rotonda da Rúa Castelao ata o

Cruce da Ciguñeira, a renovación do firme da Rúa Padre Sarmiento, a renovación firme Rúa Rosalía de Castro ou a renovación do firme da Rúa da Igrexa de Oural, entre outras; manter a bonificación do IBI do 95% para as construcións rurais; incluír previsión orzamentaria para a execución do proxecto para a rehabilitación completa da Casa das Arsenias, na Rúa Maior, para o seu uso e posta en valor; incluír previsión orzamentaria para renovar a cuberta da Residencia de Maiores, así como a dotación pra o seu funcionamento, entre outras melloras.

### Instan ao goberno a limpar o río Celeiro

O PP denuncia o mal estado no que se atopa o río Celeiro en Sarria, na zona da Estación. Así pois, dende o Partido Popular instan ao goberno local a limpalo e lamentan “a imaxe de Sarria para os peregrinos que se incorporan ao Camiño dende a estación de ferrocarril”. Ademais, defenden que o cauce do río é tapado pola vexetación, algo que reflexa “abandono e desidia no mes de San Xoán”. Así mesmo tamén consideran que presenta unha imaxe de abandono o paseo de Celeiro.

### Abordan a seguridade viaria dos peregrinos

Responsables en Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Axencia de Turismo de Galicia, xunto con membros da Deputación, mantiveron unha xuntanza co presidente da asociación de Amigos do Camiño de Santiago da comarca de Sarria, Jorge López, na que trataron cuestións relacionadas coa seguridade viaria dos peregrinos na estrada autonómica que coincide co trazado da ruta xacobea.

A reunión serviu para analizar a situación actual e coñecer as principais necesidades que observa o colectivo. Nos últimos anos houbo varias actuacións de mellora da seguridade no Camiño Francés, como o repintado da sinalización horizontal da LU-633, a mellora da sinalización nos cruces da ruta coa estrada autonómica ou a ampliación de tramos demasiado estreitos. Tamén destacou que a Administración galega traballa para executar novas actuacións específicas de mellora da seguridade no Camiño.



O actual tunel de Oural

## Adif adxudica a construción do túnel de Oural por 50 millóns

O Consello de Administración de Adif autorizou a adxudicación do contrato para a construción do túnel de Oural, situado entre O Incio e Sarria, no tramo Monforte de Lemos-Lugo, por un importe de 50.755.387,21 euros. O contrato foi adxudicado á empresa Ferrovial Construción e conta cun prazo de execución de 29 meses e 21 días. A construción forma parte dos proxectos de modernización do corredor ferroviario Ourense-Monforte de Lemos-Lugo e perseguen unha dobre finalidade: mellorar o estado da infraestrutura e aumentar a fiabilidade das liñas.

**NOVO TÚNEL DE OURAL.** O contrato adxudicado comprende as obras de construción do novo túnel de Oural, de 1,85 km de lonxitude, que substituirá ao túnel existente en servizo, mellorando as súas prestacións.

O novo túnel executarase paralelo ao existente, que se manterá como galería de emerxencia, e dispoñerá de espazo suficiente para albergar

a catenaria, así como aceira de emerxencia e galerías de evacuación, entre outros elementos.

A estrutura expónse cunha sección de 52 m<sup>2</sup> en vía única (do mesmo xeito que os tramos adxacentes), que se executará desde as dúas fronteiras de escavación para minimizar os prazos de execución. A montaxe de vía efectuarase en placa no interior do túnel e parte do exterior, con pasos biviales para o acceso de vehículos de emerxencia ou mantemento.

O túnel contará con liña área de contacto (catenaria), sistemas de sinalización e comunicacións adaptados á nova solución proxectada, sistema de ventilación e sistemas de protección civil, así como instalacións de telecomunicacións e dúas zonas de instalacións auxiliares, unha en cada emboquille.

Executaranse 3 galerías transversais de evacuación, cunha distancia máxima de 500 metros entre elas. A sección de galería central será apta para vehículos, mentres que as laterais serán peonís.

## Denuncian irregularidades no Concello e na residencia de maiores



Residencia de maiores de Sarria

A interventora do Concello de Sarria rexistrou, no informe anual sobre as anomalías en materia de ingresos do goberno local, infraccións e irregularidades nos procesos de contratación de persoal en espazos de titularidade municipal como son o propio Concello de Sarria e a residencia de maiores.

Nesta última, o organismo conta con 19 reparos de intervención sobre a ausencia dos procedementos de contratación e sobre a falta de trámites esenciais. Así pois, considera que a estrutura da residencia de maiores está incompleta e que falta a estrutura administrativa económica-financiera. Ademais, o informe contempla a domiciliación no banco dos gastos da luz e das comunicacións da residencia, pagándoos sin autorización de intervención.

Así mesmo, no caso do Concello, ademais das irregularidades nos trámites de contratación de persoal, tamén se suman as subvencións no que se comprobou que hai irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga. De feito, estes trámites supoñen gastos que van dos 200 aos 380.000 euros.

Desta forma, o Concello non segue os principios de libre competencia e tampouco conta cun convenio colectivo de persoal laboral.

**INDEMNIZACIÓN.** Por outra banda, o O Xulgado do Social Nº 2 de Lugo ven de condenar á Residencia Nosa Señora do Carme de Sarria por vulnerar o dereito de conciliación dunha traballadora, condenando ademais a aboar a cantidade de 2500€ en concepto de indemnización polo danos causados á traballadora. Según a CIG, no mes de xaneiro a Residencia comunicou á traballadora a modificación do seu horario, cando a mesma estaba desde o ano 2013 en situación de redución de xornada e disfrutaba dunha concreción horaria pactada coa propia Residencia. Así mesmo, según a propia sentenza a modificación de horario feita de xeito unilateral pola Residencia carecía de xustificación e ademais o horario que tiña a traballadora estaba suficientemente xustificada. Esta decisión obrigou á traballadora a ter que recurrir a unha excedencia para poder conciliar a súa vida laboral e familiar.

## O PP defende que Ferreiros decida sobre o abastecemento da auga

O Pleno Municipal de Sarria non aprobou a moción do Partido Popular na que defendían “a vontade dos veciños de Ferreiros de continuar cun abastecemento de auga propio, coma levan a facer dende hai moitos anos”.

“O Concello de Sarria anunciou a través dos medios públicos a súa intención de dotar de auga a parroquia de Ferreiros, substituíndo o abastecemento veciñal

actual, polo público municipal, algo que se atopou cunha clara oposición por parte dos veciños da parroquia” defenderon dende o Partido Popular.

Así pois, dende a fomación instaron ao alcalde e ao goberno de Camiña Sarria “a rectificar a súa vontade de deixar á parroquia de Ferreiros sen o abastecemento veciñal e, por tanto, dar marcha atrás en dito proxecto, algo que non se fixo”.

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# “Creo que a música tradicional ten un protagonismo especial agora”

Milagros Núñez, presidenta de Peleriños desde fai dúas décadas

No ano 1996 nacía en Sarria a asociación cultural Peleriños, que tomou o seu nome do carácter xacobeo da localidade. Vintecinco anos despois, o colectivo é un dos referentes na divulgación do folclore tradicional galego. Con máis de 250 socios e preto de 90 compoñentes nas escolas de música e baile, o colectivo mantén intacta a ilusión e presume de ser unha gran familia encabezada por Pura García, a fundadora da asociación e da que, din, segue a ser a alma do grupo.

## Como entrou en contacto con Peleriños?

Coñecín a asociación indo a clase de baile, cando era presidente Luis Quintana. Despois el deixou a presidencia porque tiña outros quefaceres profesionais e cambiouse a directiva. Eu era das máis maiores e das máis constantes e case que me tocou. En realidade, a presidenta é Pura García, que é quen fundou a asociación e é a presidenta de honra. Ela é quen tirou e segue tirando polo colectivo, é a alma da asociación. Está en todos os ensaios, é a nai do grupo.

## A nai, porque o grupo é unha gran familia...

Totalmente. Iso é o que caracteriza a Peleriños que, malia ser un grupo cada vez máis profesional, somos unha gran familia. Practicamente toda a xente que empezou cando eu entrei de presidenta, e fai uns 20 anos, segue aínda a día de hoxe. Son xa un grupo grande de amigos. Teñen inxedanzas por seguirse formando, por seguir mellorando... pero despois tamén o pasan xennial xuntos. Cada ensaio é unha festa.

**Nestes 25 anos de traxectoria, Peleriños conseguiu consolidarse como unha das asociacións de referencia na divulgación do folclore galego, como o conseguiron?**

Pois sí, a base está aí. A verdade é que, co paso do tempo, o grupo foi evolucionando moito,

80 anos que está nas clases de gaita. Gustáballe cando era mozo e decidiu retomar esa afección.

**Ao longo destes 25 anos de traxectoria, Peleriños organizou e colaborou en moitas actividades...**

Sí, motísimas. Estamos ao ser-



por exemplo en canto ao vestuario. Antes quizais era todo medio improvisado, e agora levamos todo moi acorde coa tradición, sen elementos estranos. Nese sentido houbo un gran cambio e foise profesionalizando todo moito. É un grupo profesional pero que mantén a súa sinxeleza e humildade, iso sí. Temos ademais grandes referentes nos nosos profesores. A maioría son de Cántigas e Frores de Lugo, que son un modelo de xente profesional.

## E teñen canteira, que asegure o futuro de Peleriños?

Sí, por suposto. Temos unha canteira grande, mesmo hai lista de espera para apuntarse ás clases. A verdade é que hai xente de todas as idades, desde os nenos pequeniños ata un señor de case

vizo de quen nos chame, para festas, para vodas, o que sexa. O bo de ter tanta xente é que sempre podes formar un grupo en calquera momento para ir a un evento. En agosto facíamos as xuntanzas, onde traíamos a grupos doutros sitios, pero agora nada, está todo paralizado.

## Como lles está afectando a pandemia?

Pois xustamente retomamos as clases de pandereta esta semana, en grupos de catro persoas, como para ir probando a volta. Son grupos moi pequenos, non se pode cantar, pero respectamos ao máximo as normas. Como traballamos nun local municipal, o Breogáns, o Concello ten que confirmarnos exactamente o aforo que pode haber agora. A verdade é que todos teñen gañas de volver, especialmente os nenos e nenas. De feito, a profesora de baile envíalles algún vídeo para que vaian ensaiando e cousas así, pero non é o mesmo.

## Ademais esta situación coincide coa celebración das vodas de prata da asociación, van celebralo dalgún xeito?

Antes de que empezara todo isto a nosa idea era facer unha festa, como xa fixeramos tamén polo 20 aniversario. A última festa grande que tivemos foi o ano pasado. Foi unha sorpresa



para Pura, ela non sabía nada e foi moi emocionante. Xuntouse moitísima xente, de feito estiveron case todas as persoas que teñen pasado pola asociación, volveron bailar, foi marabilloso. Este ano queríamos facer algo tamén, aínda non tiñamos decidido como, pero algo grande. Pero esta situación cambiou todo. Agora, ata que esto se normalice, non pensamos en celebracións, realmente iso é secundario neste momento.

## Hai arraigo da música tradicional en Sarria?

Moito, pero diría que non só en

aos pais. Ademais nun primeiro momento, e sobre todo entre os maiores, había máis mulleres que homes, agora xa está moi igualado.

## Contades con apoios para financiar as vosas actividades?

Recibimos unha subvención do Concello de Sarria, das que se outorgan ás asociacións, e despois basicamente autofinanciamonos. Facemos camisetas, rifas, pins... e se hai que poner cartos, poñemos. Nos casos como o da última viaxe importante que fixemos, que foi a Praga, houbo que pagar o billete



Sarria. Creo que é un momento no que a música tradicional está a ter un protagonismo especial. Eu non recordo na miña xuventude que houbera tanta actividade neste sentido. Hoxe en día, en case todos os concellos hai algún grupo, se non é de panderetas é de baile rexional, pero en todos hai algo. O que podo dicir é que Peleriños é un grupo moi constante, no sentido de que uns imos arrastrando a outros. Hai pais que animaron a fillos, como é o meu caso coa miña filla, que é bailadora e profesora de baile, e tamén temos casos de fillos que acabaron arrastrando

de avión. É bastante gasto, pero o certo é que a xente está moi implicada e nunca houbo problemas. E se hai persoas que teñen máis dificultades, tamén se lles axuda. O que está claro é que, por exemplo, ningún neno vai deixar de bailar por non ter traxe. Eso nunca, porque se busca onde sexa.

## Que agarda a presidenta de Peleriños para o ano que vén?

Pois que siga a xente coa mesma ilusión. Son todos moi boa xente, e ogallá sigan coas mesmas gañas de aprender e de facer as cousas ben que teñen agora.





# SARRIAXA

## NOVO XORNAL GRATUÍTO

A INFORMACIÓN LOCAL  
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER  
AS NOVAS DA COMARCA

VISITA A NOSA WEB  
[www.sarriaxa.com](http://www.sarriaxa.com)

661 464 323 - [redaccion@sarriaxa.com](mailto:redaccion@sarriaxa.com)

# “É un orgullo que o DH Urbano estea entre os mellores de Europa”

David Gómez, un dos membros da directiva do DH Galicia

O DH Urbano Vila de Sarria é un dos eventos máis recoñecidos da comarca. Os que o viviron en primeira persoa, sexa como participantes ou como espectadores, coinciden en que é unha das probas de ciclismo de montaña máis espectaculares e ben organizadas do país. Detrás dese evento está o club local DH.Galicia que viña preparando uns sete eventos ao ano, ata que a actual situación sanitaria os obrigou a frear. Agora, desexan avanzar no camiño á normalidade para que a bicicleta volva ser protagonista en Sarria.

## Cando e como xurdiu a idea de crear o club DH.Galicia?

O club DH.Galicia, que tamén se coñece como dhgTEAM, formouse no ano 2011 da man dun grupo de amigos que non chegabamos a 10 persoas. Antes de ter o club decidimos mercar unha furgoneta entre 7 amigos para poder ir ás carreiras e facer remontes, xa que daquela a modalidade que máis practicabamos era precisamente o DH, que é o descenso de montaña.

## Canto socios son na actualidade?

Ata o día de hoxe fomos medrando en número de socios, e actualmente somos máis de 50. Dentro deses cincuenta hai xente en todo tipo de modalidades, tanto os que practican carretera, mtb para rutar, enduro ou descenso.

## O DH é unha das modalidades máis extremas do ciclismo de montaña. Se tivera que definilo en dúas palabras, cales serían?

O DH definiríao como adrenalina e diversión. Pero gustaríame salientar tamén outra modalidade, non menos importante e das máis practicadas na actualidade: o enduro. A diferenza do DH son baixadas técnicas, normalmente en circuitos específicos con saltos, peraltes, trialeras etc con menos dificultade extrema, e o remonte faise na bicicleta, combinando a esixencia física coa técnica ao requirir subir para poder descender logo polos circuitos.

## Nestas modalidades deportivas ‘xogan’ cos obstáculos naturais, pero tamén con outros habilitados para ese fin. Para iso levan a cabo unha parte do traballo no monte...

O traballo que facemos é todo grazas á man de obra voluntaria dos membros do club. Organizamos varias das famosas ‘sachoquedadas’ ao longo do ano, para encargarnos do cuidado e o mantemento dos circuitos, así como para reformalos

ou engadir novidades. Respectamos moito os montes, considerámoslos como nosos, no sentido de coidalos e poder disfrutar desta modalidade deportiva ao aire libre. Na actualidade temos acordos con 6 vertentes de montes veciñais distintas, e co obxectivo de ampliar a outras zonas. É importante poder chegar a un acordo cos comuneiros, nós a cambio facemos presenza no monte, limpamos os camiños e recolleemos o lixo que tira a xente, que por desgraza a sociedade ten que mellorar moito neste aspecto. Tamén se nos teñen dado casos de haber avisos de lume e mesmo chegar a paliar o foco. Despois de varias reunións e acordos, podemos dicir que hai boa sintonía, e



iso é moi importante para poder manter os nosos circuitos.

## Ao principio o ciclismo de montaña era un deporte onde predominaba a representación masculina, cal é a situación no seu club, anímanse as mulleres?

Si, de feito hai representación feminina tamén en modalidades como o enduro, e por suposto encántanos que todos, homes e mulleres, fagamos o mesmo.

## E, en canto aos máis novos... hai canteira para asegurar o futuro deste deporte na comarca?

Si, de feito xa temos federados a nenos e nenas de varias idades. A verdade é que o deporte base está medrando no pobo. Nós damos facilidades para poder federarse, e Sarria dispón de instalacións como o ‘pump track’ e ‘dirt’, no que aprenden a coller moita técnica. Despois, as fins de semana soben ao monte coa súa mochila coa idea dalgún día poder facer os circuitos, aínda que xa os hai tamén máis atrevidos e que lles gusta saltar. Non hai que esquecer tampouco aos nenos e nenas que saen cos

seus pais en bici e xa fan rutas btt como os maiores. Temos moitos proxectos para eles, son o futuro, e que mellor que condicionalos ao deporte. Hai eventos que os organizamos especificamente para eles, como o minidhurbano, dentro do Descenso Urbano de Sarria, ou a gincana no Día da bicicleta.

## Precisamente o DH Urbano de Sarria é, din os profesionais, o mellor de España. Que é o que o fai tan especial?

O certo é que o DH Urbano é un dos eventos máis esperados no pobo. Eu diría que destaca pola ampla variedade de megaestructuras de madeira, con máis de 20 saltos e case un cento de módulos



nais a nivel internacional do mundo da bici, é o caso dalgunha dos Estados Unidos e doutros países.

## Preparar o DH Urbano ten que ser moito traballo e requirir a implicación de moita xente...

Require moito esforzo e traballo, tanto nas semanas antes como neses propios días das probas, con máis de 60 persoas na orga-

Ademais téñense feito minirutas para os nenos e nenas, e fanse gincanas nas que os máis pequenos se senten grandes competidores. O obxectivo é fomentar o uso da bici e facer un día especial no pobo, no que poidan participar persoas de tódalas idades.

## Hai afección ao ciclismo na comarca de Sarria?

Cada vez aumenta máis o número de usuarios da bicicleta, dá gusto ver grupiños que saen con frecuencia en tódalas modalidades. É a mellor excusa para xuntarse cos amigos e facer deporte. Cada vez somos máis, e hai que dicir que o club acolle de boa gana a todo o mundo que queira ser socio, anímoos porque contáxiase bo rolo e hai moi bo ambiente.

## O club é un verdadeiro axente dinamizador, tanto a nivel social como económico. Contan con apoio económico?

Temos que dar as grazas ás administracións e aos patrocinadores, porque grazas a que confiaron en nós puidemos facer cousas que sen o seu apoio non se poderían levar a cabo con tanto éxito.

## Como lles está a afectar no club a actual situación sanitaria?

Pois como tdo o mundo temos que agardar con paciencia, e sabemos que cando poidamos voltaremos con máis forza aínda. Tivemos que cancelar todos os nosos eventos, e a actividade a nivel competición quedou paralizada. Ante esa ausencia de carreiras e de rutas organizadas, saímos por libre e mesmo aproveitamos para dedicar tempo a traballar no monte.

## Teñen prevista algunha actividade para os vindeiros meses?

Temos calendado o Descenso Urbano e o minidhu para o vindeiro 1 agosto, pero non podemos asegurar nada nesta situación. Son tempos de pensar en saír disto ben. A verdade é que se están cancelando este ano outros eventos máis próximos. Sabemos que é probable que o noso non se poida facer, pero se é necesario aprazármolo e de seguro que voltaremos con máis forza.

nización: comisarios de carreira, remontadores, persoal de mantemento, seguridade, asistencia médica e demais. Estamos moi agradecidos da axuda desinteresada de toda a xente que nos bota unha man, sen todos eles non sería posible este evento.

## Desde o club DH.Galicia chegaron a organizar ata 7 eventos nun ano, e sempre cunha resposta excelente de deportistas e público. Como o fan e onde está a clave do éxito?

A clave é traballar en equipo e con moita ilusión en todo o que se queira facer. Sempre destacamos por organizar e traballar ao máximo para que os participantes queden satisfeitos.

## Falabamos antes do Día da bicicleta, unha xornada que viñan organizando de xeito anual ata que se iniciou a pandemia da covid. En que consiste e cal é o obxectivo?

O Día da bici chegamos a ter medio milleiro de participantes. Esa xornada os protagonistas son as familias coas súas bicicletas, facendo un percorrido por todo o pobo.

# COMARCA

## A covid-19 marcha a poucos

A comarca de Sarria, que sufriu varios gromos, afronta o mes de xuño sen ningún concello en alerta e levantando restricións á hostalaría e á cultura

A covid-19 parece que quere deixar a provincia e mantén unha constante de descenso ou polo menos de contención.

Na comarca de Sarria, unha das grandes castigadas o ano pasado, mantén un papel discreto nas estatísticas da provincia.

Sarria, Paradela e Triacastela son os concellos onde se produciu a maior incidencia ultimamente. Aínda así, os contaxios son poucos polo que o comité sanitario non elevou o seu estado de alarma.

Triacastela mantivo un pequeniño gromo despois de meses sen un só caso e está xa fóra de perigo.

No resto da provincia, continúa o descenso de casos activos e de hospitalizados mentres segue a vacinación masiva da poboación, xa no tramo de idade de 40 a 50 anos. Viveiro e Xove son os únicos concellos da provincia con restricións, os dous en alerta media.

**ALIVIO DE RESTRICIÓN.** O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que a próxima semana haberá unha nova normativa integral actualizada que



entrará en vigor entre o día 19 e o 26 de xuño sobre todas as actividades afectadas pola covid, como a hostalaría, culturais, deportivas, parques acuáticos, etc.. Pero adiantou xa algunhas das novas medidas que entrarán en vigor o sábado 12 de xuño e que pasan por eliminar a prohibición de reunións entre non conviventes a partir da unha da madrugada e ata as seis, aínda que se segue recomendando a prudencia. Na hostalaría poderán reunirse ata seis persoas por mesa en interiores, pero soben a quince as

que se poden xuntar nas terrazas, á espera de que se suspendan definitivamente as restricións impostas polo Ministerio de Sanidade.

Ademais, amplíase o horario dos bares ata a unha da madrugada, co requisito de que garantan a calidade do aire. Tamén está previsto que abra o ocio nocturno pero a partir do 1 de xullo.

Por último, ampliaranse os aforos para as actividades ao aire libre de nenos e moos e as de campamentos e albergues de peregrinos.

## A exposición De Amor e de Amigo comeza o seu percorrido



A exposición *De Amor e de Amigo, as cantigas de Martín de Padrozelos*, inaugurouse no Centro Sociocultural Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela. No acto de inauguración participaron os alcaldes de Lánca e Paradela, Darío Piñeiro e José Manuel Mato; a Comisaria do Xacobeo, Cecilia Pereira, e dos presidente e secretario de APECSA, Xosé María García Palmeiro e José Salgado.

Esta exposición, na que se recollen as dez cantigas deste trobador medieval, dos primeiros da lírica galega, está organizada pola Asociación de Periodistas e

Estudiosos do Camiño de Santiago (APECSA), no marco do programa da Xunta de Galicia, O teu Xacobeo. O xornalista Luís Celeiro é o seu comisario.

A exposición que ten carácter itinerante, estivo en Sarria, Lánca e Paradela, onde vén de pechar, e, despois estará en Triacastela (18 de xuño –29 de xuño 2021), en Samos (2 de Xullo – 21 de xullo 2021), en O Incio (22 de xullo –5 de agosto 2021), en Folgoso do Courel (6 de agosto – 17 de agosto 2021), Portomarín (19 de agosto – 30 de agosto 2021) e Pedrafita do Cebreiro (1 de setembro – 11 de setembro 2021).

## As obras na autovía Nadela-Sarria provocan cortes puntuais

As obras de conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito entre A Pobra de San Xiao e Sarria centro, obrigan a realizar cortes puntuais tres días á semana para garantir a seguridade dos traballos de voaduras.

Dende a Deputación explicouse que os cortes víñanse producindo dende o mes de febreiro -cando comezaron estes labores- os martes e xoves non festivos entre as 13.00 e as 15.00 horas e entre os enlace do quilómetro 13 (O Páramo, A Pobra de San Xiao) e o do quilómetro 22 (Sarria norte, Morelle).

Durante aproximadamente tres meses será preciso pechar ao tráfico tamén os mércores non festivos no mesmo horario, neste caso entre o enlace do quilómetro 22 e o do quilómetro 26 (Sarria Sur, Albán). O desvío estará debidamente sinalizado e o traxecto alternativo realizarase pola estrada LU-546.



Unha imaxe das obras

Estes traballos enmárcanse nas obras da primeira fase da conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, cun investimento de case 25 millóns de euros e un prazo de execución de 24 meses.

Estase a construír unha nova calzada paralela á existente, pola marxe esquerda sentido A Pobra de San Xiao, pasando dunha calzada con

dous carrís actuais a dúas calzadas con dous carrís por sentido.

A intervención incluírá tamén a adaptación dos enlaces e dos pasos inferiores existentes, así como a reposición dos camiños de servizo afectados. Ademais, contará con valla reforzada en ambos lados para reducir a accidentalidade causada polo xabaril.

## O programa Actívate da Deputación dobra as prazas

A Deputación de Lugo continúa co programa Actívate e adáptase á nova normativa sanitaria cun aumento de prazas para todas as actividades. Todas as propostas realizadas ao aire libre contan, dende esta fin de semana, con 15 prazas, 7 máis que ata o de agora. Actívate é unha iniciativa da Deputación para promover o turismo activo, científico e mindfulness nos concellos da provincia, favorecendo deste xeito a recuperación do turismo, a hostalaría e o comercio despois do impacto da pandemia. Realizouse na Serra do Xistral a única actividade nocturna do programa, Os increíbles ceos do Xistral, que permitiu dar a coñecer os estrelados ceos deste espazo natural. Hoxe domingo, o Castro de Viladonga acolleu unha proposta para descubrir este espazo histórico, Aventura no Castro de Viladonga. Estas actividades, que arrancaron en maio, levaranse a cabo todas as fins de semana deste mes xuño.

Ata o de agora, as iniciativas tiveron unha gran acollida e esgotaron as prazas nas primeiras xornadas tras a apertura de inscrición. As persoas interesadas en participar nas próximas iniciativas deste programa poden inscribirse na páxina web <http://inscricions.deputacionlugo.org/gl/tema/activa-te>. Para máis información poden chamar ao teléfono 982.260.011 ou enviar un correo electrónico a [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org).

### Próximas actividades

As actividades do programa Actívate das próximas semanas son as seguintes:

- 19 de xuño: Introducción ao Tai Chí, en Guntín
- 20 de xuño: Descubrindo as pegadas da fauna, na Fonsagrada
- 26 de xuño: Sendeirismo na Mariña occidental, no Vicedo
- 27 de xuño: Kaiak no río Eo, en Trabada.

# “Loitaremos para que Val de Láncara manteña os eventos”

Álvaro Arrojo é o tesoureiro da asociación lancaresa

No ano 1992 nacía a Asociación Cultural Val de Láncara, co ánimo de dinamizar a vida social e cultural do municipio. O éxito de eventos como a malla ou a entrega de premios ‘Facer país’ deron forza a este colectivo que, en plena pandemia, apostaba por renovar, por vez primeira, a súa directiva. Un grupo de mozos e mozas tomou o pasado ano o relevo coa idea de manter o legado dos seus antecesores. Ilusión e novos proxectos non lles faltan.

Falamos con Álvaro Arrojo, tesoureiro da asociación.

**Como coñeches a asociación?**



A asociación fundouse no ano 1992, e moitos dos que a crearon son os pais ou avós dos que agora tomamos o relevo, polo que sempre estivo moi presente na vida do pobo, e todos coñecemos a asociación e desfrutamos da súa actividade dende nenos.

**E como chegaches a formar parte da directiva?**

Con motivo do relevo de cargos da asociación, levamos a cabo varias reunións. Nunha delas eliximos os cargos, en realidade trátase

de algo máis formal que efectivo, pois todos axudamos no que podemos e aportamos por igual.

**A asociación renovouse o ano pasado, como xurdiu ese relevo?**

A verdade é que xa ían varios anos sen renovarse os cargos. Era un cambio necesario, pois algúns membros da anterior directiva xa eran moi maiores e todos levaban moitos anos coa responsabilidade de organizar as actividades e os distintos eventos. Tamén o falecemento de Manolo (Manuel Fernández Arrojo) precipitou esta decisión, pois el era un pilar fundamental da asociación.

**asociación?**

Loxicamente tivemos que adaptar moitas das actividades ás restricións derivadas da pandemia. Por exemplo, os Reis Magos visitaron as casas dos nenos en lugar de facer a cabalgata que se viña realizando todos os anos. Tamén fixemos un Entroido virtual nas redes sociais que tivo moi boa acollida e participación. Por outra parte, continuamos a facer as actividades de música, baile e pandeirata tradicional limitando os aforos, e incluso durante o mes de febreiro tivemos as clases de maneira telemática, dada a especial situación de restricións.

**Desde a asociación promovestes ademais accións solidarias como un servizo de entrega a domicilio para dependentes, como xurdiu a idea?**

Temos varias reunións nas cales propoñemos ideas e actividades. Esta idea en concreto xurdiu co propósito de protexer aos veciños máis vulnerables, tratando de evitarlles desprazamentos e, polo tanto, posibles contaxios.

**A Asociación Cultural Val de Láncara organiza numerosas actividades durante todo o ano. Seguirá nesa mesma liña?**

Certamente non podemos esquecer o traballo ben feito pola anterior directiva, e a festa da malla ou o premio ‘Facer País’ son algúns dos eventos máis destacables debido á súa repercusión. Tamén o curso de piragüismo no verán ou a festa do magosto, eran actividades que tiñan moi boa acollida. A pesar de que, como consecuencia da pandemia, dende que tomamos o relevo non puidemos realizar ningunha destas actividades, temos a intención de manter todos os actos e eventos que se viñan facendo. A idea en calquera caso é organizar os eventos normalmente sempre que sexa posible, e se chegado o momento isto non se puidera facer, valoraremos o cambio de formato tal e como fixemos no Entroido.

**Tedes ademais algún novo proxecto en mente?**

Si, por exemplo a principios do mes de marzo ofertouse un curso online de prevención de riscos laborais orientado aos sectores agrícola e gandeiro, organizado



polo Sindicato Labrego Galego. Por outro lado, e coincidindo coa Semana Santa, pensamos en organizar un contacontos e unha actividade de manualidades para os nenos e as nenas. De cara ao verán miraremos de organizar serás de música en directo en diversos lugares cun atractivo natural. Non obstante, estas e outras actividades que temos en mente a medio prazo teranse que ir adaptando en función da situación sanitaria do momento. En calquera caso, iremos publicando nas nosas redes sociais todas as actividades e eventos que organizemos.

**Con que apoios contades para levar a cabo a vosa actividade?**

Contamos coas cotas dos socios, cos que estamos moi contentos e agradecidos polo seu apoio e pola acollida que nos deron. Tamén contamos coas aportacións das persoas que participan nas activi-

dades, a día de hoxe as de música, baile e pandeirata tradicional. Por outra parte, contamos coa axuda do Concello de Láncara, e temos a idea de solicitar algunha subvención á Deputación.

**Que agardades para o ano 2022?**

Para o ano 2022 esperamos aumentar o número de socios, a participación dos veciños nas actividades, e que a situación sanitaria nos permita, por fin, poder retomar con normalidade a organización dos eventos que se viñan realizando e que xa eran toda unha tradición. Con respecto ás actividades de música, baile e pandeirata tradicional, que xa se están a facer este ano, gustaríanos que os máis cativos se animasen e formar un grupo infantil. Pero, sen dúbida, o que máis agardamos é que todos os socios e veciños disfruten das actividades, participando activamente nos actos da asociación.



**láncara**

## Comeza o aglomerado nas obras en Valdriz



Labores de formigonado en Valdriz

Comenzou xa o formigonado do taboleiro da nova ponte de Valdriz, no marco das obras de construción dunha senda peonil e ciclista na estrada autonómica LU-621.

Os traballos licítáronse por un importe de preto de 730.000 euros. Explicouse que a ampliación da ponte, que pasa dos 6 metros de ancho aos 10,5, é a actuación máis complexa do proxecto, que contempla tamén a execución dunha rotonda para mellorar o tráfico no entorno da urbanización de Valdriz, ademais da senda de preto de medio quilómetro que discorrerá pola marxe esquerda entre este punto e o inicio da Pobra de San Xiao.

Para acometer estas obras foi preciso proceder antes aos traballos de retranqueo e soterramento da liña de evacuación da hidroeléctrica de Valdriz, o que significou un gasto adicional de

103.200 euros. Posteriormente realizáronse os movementos de terras con microvoaduras controladas en todo o trazado.

No que respecta á ponte, rectificouse a entrada para mellorar a seguridade, construíuse un muro de escollera e instaláronse 513 metros cadrados de prelosa, armadura e ferro sobre as que se estenderá o formigón armado.

A maior parte da superficie quedará lista hoxe; restará unha franxa de dous metros a rematar nuns días, cando este formigonado adquira resistencia.

Esta actuación constrúe itinerarios seguros, sostibles e integrados na paisaxe, para reforzar a seguridade dos usuarios das estradas e promover unha mobilidade máis saudable e sustentable, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular

## O Concello desaconsella o baño na praia fluvial de Pobra

O Concello de Láncara informou de que non se recomenda o baño na praia fluvial da Pobra de San Xiao, según indicacións da Consellería de Sanidade. Así pois, segundo a Consellería sinalan que existe unha contaminación temporal da auga por presenza de enterococos intestinais. Por esta razón, solicitouse á Xunta a realización de máis análises noutros puntos do río para coñecer a causa de dito problema. Aínda así, a praia fluvial aínda non se atopa aberta ao público na tempada de verán e dende o concello esperan que a situación se normalize o máis rápido posible.

Por outra banda, dende o BNG piden explicacións e sinalan que esta



situación non é nova, senón que se está repetindo.

**samos**

## Samos remata as obras nos accesos a explotacións agrícolas

O Concello de Samos ven de rematar as obras correspondentes ó proxecto de mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrícolas, encadrado dentro do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Este plan ten por obxecto regular a xestión do procedemento para a



concesión das axudas que se cedan para mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

A Consellería do Medio Rural, a través de AGADER, concedeu unha subvención para a execución das obras de 34.616,00€.

A empresa adxudicataria Jesús y Páramo, S.L., levou a cabo as actuacións recollidas no proxecto, actuando nas vías de comunicación con acceso a fincas agrarias dos viales do Empalme a Vilachá de Abaixo e de Gontán a Gorolfe.

## Tres modificacións de crédito por 20.000 euros, aprobadas

O pleno de Samos aprobou modificacións de crédito dun total de máis de 20.000 euros.

As modificacións de crédito serán tres: a redacción de proxectos de obras, actuacións previas á renovación do alumeadado e a apertura da piscina municipal. Nesta última, a intención é abrilas en verán sempre e cando as limitacións e as normas sanitarias o permitan. Así pois, empregáronse ese diñeiro para gastos de funcionamento e de persoal.

## Aprobado o proxecto de repoboación forestal



A Consellería de Medio Rural aprobou o proxecto de repoboación forestal de Coto Redondo, na parroquia de Santalla, en Samos según o artigo 41.3 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Dita acción afecta a unha superficie de máis de 23 hectáreas, das que algo máis de unha se adicará a infraestruturas que loiten na defensa contra incendios mentras que as outras serán para a plantación de piñeiros.

Esta acción promoveuse dende CMVMC (comunidade de montes veciñais en man común) de Caselas e Parada.

## Pecha na vila a última entidade bancaria que estaba en servizo

O Concello de Samos queda sen entidades bancarias tralo peche da súa última oficina a semana pasada. A nova caeu de sorpresa despois de que, dende a empresa, se puxera un cartel no que se indicaba que atenderían aos clientes en Sarria. Desta forma, se se necesita facer algunha xestión bancaria só existe esa opción ou a de cambiar de entidade e ir a Triacastela. Os veciños lamentan esta decisión; unha decisión que volve deixar o rural de lado.

Así mesmo, hai que lembrar que

aínda non se instalou os caixeiros automáticos que estaban previstos no programa de colaboración asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para facilitar o acceso aos servizos bancarios e financeiros nos concellos do ámbito rural, entre os que se atopan o propio Samos e Ribeira de Piquín. A pesar disto, o que sí é certo é que as persoas de idades avanzadas teñen máis problemas á hora de levar a cabo trámites por medio deste tipo de caixeiros.

**portomarín**

## Destinados 19.000 euros ás obras do campo de fútbol

A Secretaría Xeral para o Deporte investiu 18.720 euros nos traballos para instalar unha rede de protección que pecha todo o perímetro do campo de fútbol de Portomarín.

Por parte da deputación explicouse que a achega do Goberno galego supón o 80% do orzamento da actuación, asumindo o concello 4.700 euros ata sumar os 23.400 euros de custo total. Neste sentido, explicou que a Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base, sendo consciente da importancia da súa colaboración económica para que as administracións locais poidan afrontar obras que favorezan a

práctica deportiva.

No caso concreto do municipio de Portomarín, dispón dunha zona deportiva na que se sitúa o campo de fútbol, unha instalación referente e moi utilizada polos veciños e veciñas pero que carecía de protección exterior, xa que fora preciso retirala debido ao seu deterioro. O novo peche de malla mide 150 metros de lonxitude e ten unha altura de seis metros. Dentro da súa planificación, a Secretaría Xeral para o Deporte apoia aos concellos na construción ou mellora de instalacións deportivas, "para poñer á disposición da cidadanía servizos de calidade que fomenten o deporte e un estilo de vida saudable".

## o páramo

## As obras de construción do anfiteatro, máis preto do final



As obras de construción do anfiteatro

O Concello do Páramo segue a traballar no proxecto para a construción dun anfiteatro no penedo do campo da feira, co que pretenden poñer en valor a zona desde un punto de vista xeolóxico e turístico. A obra suporá un coste de 56.310 euros e estará a cargo da empresa Cholo SL, que acaba de contratar o concello.

A instalación situarase diante do centro de saúde da localidade e a coñecida como casa do médico, onde se sitúa a gran rocha, en forma de media lúa, que se aproveitará para crear o anfiteatro. Así mesmo, será o primeiro anfiteatro de Galicia tallado nunha pedra viva con máis de 200 millóns de anos de antigüidade.

O proxecto está financiado nun 70% pola subvención do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Miño-Ulla e cóntase que os traballos finalicen no mes de outubro.

Valéndose do desnivel natural da pedra prevese xerar unha bancada en tres alturas. O obxectivo é destinar o novo espazo a actividades culturais e mesmo servir de complemento a actividades infantís.

A contorna do anfiteatro contará con iluminación que realce e potencia as calidades da rocha. Ademais a zona contará con unha pavimentación de pedra e outra zona de formigón, pola que poderá pasar o tráfico rodado de xeito puntual.



## Continúa a entrega de alimentos

O Concello do Páramo continúa coa entrega de alimentos aos veciños e veciñas que o precisan todos os primeiros martes de cada mes. Dende o concello traballan co banco de alimentos, a onde van buscar a comida para, posteriormente, preparala e poñela a disposición das familias que o necesitan. As familias son as que se achegan ata ao Concello para

recibir esa axuda e, no caso de que non poidan, distribuíráselles o servizo.

Actualmente, este servizo proporciónase a 15 familias que dende o Concello consideraron que o precisaban. Así pois, o alcalde, José Luís López, invita a que calquera familia que precise desta axuda contacte co Concello do Páramo no teléfono 982 53 91 56.



**IRMÁS CAMPO.** O CEIP Ricardo Gasset do Incio recibiu a visita de Tareixa e Marica Campo, dúas importantes e recoñecidas mulleres nadas no Incio, ás cales lles adicaron o seu nome ao salón de actos e á biblioteca, respectivamente. O CEIP Ricardo Gasset celebrou o Día Internacional da Muller dedicándolle os diferentes espazos do centro educativo a mulleres que destacaron nas súas respectivas actividades profesionais e que teñen algunha relación co municipio, como Tareixa e Marica.

## triacastela

## Rematan as obras de humanización da contorna do centro de saúde

O Goberno local do Concello de Triacastela vén de rematar as obras de adecuación da contorna do centro de saúde.

A actuación enmárcase no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos rubricado entre as administracións locais e a Deputación de Lugo e supuxo un investimento de 33.750 euros.

En concreto, as obras supuxeron a renovación do firme exterior do centro de saúde, así como o reacondicionamento do parque infantil do que poderán gozar todos os nenos e nenas. Tamén se fixo unha zona de



O novo aspecto da contorna do centro de saúde

aparcamento para cubrir os vehículos do tempo e, nesa mesma zona, engadiuse unha

varanda. A actuación foi executada pola empresa Jesús y Páramo S.L.

## O PP insta á Deputación de Lugo a manter os compromisos de Suplusa para o solo industrial

O portavoz provincial do PP, Javier Castiñeira, acusou á Deputación de non cumprir os compromisos adquiridos por Suplusa. Lembra que “varios concellos, antes da disolución de Suplusa, solicitaron por escrito que a Deputación mantivese os convenios para desenvolver solo industrial nos seus respectivos municipios, que tiñan firmados coas sociedade urbanísticas provincial; un deses concellos é Triacastela, que está intentando sacar adiante un plan especial para dotar a esta localidade dun polígono que poida ser un revulsivo da economía local”. Castiñeira, xunto cos tamén deputados provinciais José Antonio García e Óscar Poy visitou en compañía da alcaldesa, Olga Iglesias, os terreos nos

que se ubicará o parque.

Castiñeira explica: “Ao non prosperar a petición do PP, para que a Deputación se fixese cargo dos convenios comprometidos por Suplusa no seu día con todos estes concellos, o de Triacastela tivo que usar fondos do Plan Único que podería usar para outras inversións e custear o plan especial do novo polígono”.

A alcaldesa, pola súa parte sinala que dispoñer de solo industrial é fundamental para o seu municipio, tanto para conseguir a implantación de novas empresas como para que sexa posible a ampliación doutras xa asentadas no concello; cita, neste último caso, unha firma, con quince empregados, que necesita ampliar as súas instalacións.

## O Concello espera poder celebrar a Festa do Peregrino o domingo 18 de xullo

Con precaución, o Concello está organizando a festa do Peregrino de 2021, que se celebraría o domingo 18 de xullo, por ser o fin de semana anterior ao Día de Santiago; sen embargo, por causa da pandemia aínda non hai nada confirmado.

A alcaldesa, Olga Iglesias, está á espera de ver como evoluciona a situación da covid-19 para poder planificar dita festa no próximo verán.

O evento, que naceu en xullo do 2019, está adicado ao peregrino, polo que moitas das actividades que se realizan son arredor da súa figura. Xunto a elas, tamén se levan a cabo actuacións de música tradicional e talleres de artesanía, entre outras.

## Denuncian o mal estado da estrada que vai a Brollón



Estrada que une O Incio con A Pobra de Brollón

O mal estado da estrada autonómica LU-653 que une A Pobra do Brollón e O Hospital do Incio será levado ao Parlamento de Galicia. O asfalto da estrada está moi deteriorado, afectando a comunicación dunha decena de parroquias e 750 habitantes.

O goberno da Pobra do Brollón e o grupo parlamentario do BNG presentaron ó Parlamento de Galicia unha proposición para instar

á Xunta de Galicia a axilizar o asfaltado de dita estrada.

“A LU-653 é unha vía fundamental para a comunicación das persoas e a vertebración socioeconómica do noso concello”, afirma o alcalde da Pobra do Brollón, Xosé Lois Maceda.

“É de vital importancia actuar xa para mellorar o seu estado porque está próximo a intransitable”, apuntou.

## Seguen os traballos de mellora nas vías de Santalla de Bardaos

O Concello do Incio está a levar a cabo a execución dos traballos de mellora na pavimentación de acceso a Santalla de Bardaos, que precisaban ser reparados debido ao seu desgaste.

As obras consisten na extensión e compactación de mestura asfáltica en quente nun tramo de 465 metros, antes en rego asfáltico deteriorado, e na limpeza de cunetas.

Esta actuación enmarcase dentro do Plan Marco de mellora de camiños municipais 2020-21 do Concello do Incio.

En concreto, refírese ao mantemento e mellora de camiños en Santalla, que alcanza un investimento total de 19.000 euros. O proxecto inclúe tamén o mantemento e mellora de camiños en As Cortiñas e Romariz e alcanza un investimento total de 56.902,67 dos cales 47.027,00



Unha imaxe dos traballos realizados nesta vía

euros son achegados polo AGADER e a parte restante polo Concello.

As obras foron adxudicadas a Ovisa Pavimentos y Obras SLU e está previsto o seu remate nos vindeiros días.

Ademais destas obras, o Concello do Incio ten previsto acometer outras similares en diferentes puntos do municipio para a mellora da rede viaria municipal das que irá dando conta ao longo do ano.

## “O bo do deporte de montaña é que se adapta ás distintas condicións de clima e orografía”

Álex Villa é o presidente do club de montaña Buxán

A antiga canteira situada na parroquia de Santa Cristina de Viso, no concello do Incio, na que apareceron nos anos 60 os únicos restos fósiles de mamut descubertos en Galicia, dá nome ao club de montaña Buxán, un colectivo creado fai tres anos e do que forman parte xa ao redor de oitenta afeccionados ao montañismo. Os integrantes do club, que preside Álex Villa, din basear os seus pensamentos e actuacións no ‘enxebriemento’ e o gusto pola escalada.

### Que implica ser montañeiro?

Ser montañeiro é vivir e disfrutar da montaña e da contorna que a rodea. Todo o mundo pode ser montañeiro, agás aqueles que van escalar simplemente para subir fotografías ás redes sociais.

### Como e cando nace o Club de Montaña Buxán?

O club de montaña nace fai tres anos, pola teima dun grupo de amigos de plantexar proxectos que a nivel individual nunca poderíamos levar a cabo.

### Por que Buxán?

Chamámonos Buxán porque as nosas mentes non foron capaces de pensar un nome máis orixinal para o club, así que decidimos nomealo como o lugar que nos viu nacer na escalada e que é a nosa escola nai e predilecta, situada no Incio.

### Cantos socios ten o club a día de hoxe?

Ten ao redor de oitenta socios e socias. A verdade é que cada ano vai aumentando o número, e iso que cando comezamos pensabamos que non íamos chegar nin ao número mínimo de federados.

### En que zonas da provincia practícase o montañismo?

Realmente, onde nos deixan, porque agardamos que a Consellería de Medio Ambiente comece a regular o deporte de montaña no canto de prohibir a súa práctica.

### Que ofrece a provincia para a práctica desta modalidade deportiva?

O bo do deporte de montaña é a súa adaptabilidade ás diferentes condicións climáticas e orográficas, dende o deporte invernal nas múltiples serras con máis altitude, ata o barraquismo e a escalada para as épocas de bo tempo, sendo ademais esta unha das poucas zonas de caliza do país. Por riba hai multitude de covas na nosa provincia, e a climatoloxía varía pouco no seu interior.

### Que actividades levades a cabo desde o club ao longo do ano?

Organizamos unha gran variedade de saídas de montaña en distintas disciplinas para os nosos socios, aínda que a nosa principal actividade é o ‘Cumvieiros’, o encontro de escaladores tropicais de Buxán, que adoitamos celebrar no verán e onde nos xuntamos un bo número de afeccionados á escalada da provincia e de fóra dela, disfrutando dun maravilloso día de escalada aderezado de ritmos tropicais e gastronomía local. Este ano tentaremos levar a cabo esta festa se nolo permite o virus vixente.



### O ano pasado organizastes o primeiro curso de autorrescate...

Si, tivemos a necesidade de organizar un curso de autorrescate vendo o panorama dos nosos socios, xa sabes, unha cuestión de seguridade... Tivo boa acollida e a nosa idea é seguir nesta liña de formación.

### Como está a afectar a pandemia da covid ao club?

Pois como a todo o mundo, supónnos unha limitación enorme á hora de organizar actividades, ademais de ter que facer uso das máscaras sanitarias, controlar as distancias, o número de persoas...

### Coa actual situación, notades que aumentou o número de afeccionados ao montañismo?

Si, cada vez é máis habitual atoparse con grupos numerosos na montaña, probablemente porque agora hai moitas outras cousas que non se poden facer...

### Eólicos, minas... Que opinades como montañeiros da situación do monte e do rural actualmente en Galicia?

Basicamente pensamos que o rural galego atópase nunha situación de completo abandono e esquecemento, cuxa única función é o expolio dos seus recursos naturais para intereses que nada teñen que ver ca nosa forma de vida, sendo accións promovidas por medios completamente alleos á contorna e que interpretan o rural como un suxeito tercermundista.

## Continúan a desenvolver os proxectos agrarios no Concello

O pasado 21 de maio, publicouse no DOG a LEI 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Por esta razón, dende o Concello de Paradela traballaron e continúan traballando nese eido a través de reunións parroquiais, informando de como van a ir os proxectos e as ideas do futuro. Neste sendo, como informa o alcalde de Paradela José Manuel Mato, trabállase na construción de tres polígonos agrarios. Por un lado, atópase o da recuperación de soutos. Tralas reunións en varias parroquias, xa se forman máis de 40 hectáreas de veciños e veciñas interesados no proxecto. Así mesmo, vaise intentar chegar ás axudas da lei mencionada anteriormente para desenvolver limpeza e traballos de recuperación e coidados dos mesmos. Tamén, outro aspecto realizado foi a solicitude á Xunta dun primeiro tratamento para loitar contra a avespa que ataca aos castiñeiros.

Por outra beira, búscase traballar dende o Concello de Paradela

no sector agrario, é dicir, nas explotacións agropecuarias. Neste contexto, destaca a importancia dunha reestructuración do parcelario que hai actualmente, para que cada propietario coñeza as parcelas das que dispón. Desta forma, pódense ir permutando e agrandando as fincas con aquelas que están abandonadas. Despois de moitas emigracións, hai xente que aínda ten explotacións inutilizadas no concello de Paradela, por esta razón, considérase unha boa idea que as explotacións que están en activo poidan ser máis sostibles e dispoñer de máis territorio no que traballar. Desta forma, ademais da ampliación de fincas, tamén se consegue loitar contra incendios forestais.

Finalmente, dende o Concello de Paradela sinalan tamén a recuperación do viñado do río Loyo. Para iso, estase intentando crear dentro de esas zonas de viño, polígonos de 15 hectáreas como mínimo, tendo coma obxectivo realízalos de 40 hectáreas.

## Xa hai gañadores do certame literario Manuel Oreste



O xurado antes da elección

Paradela acolleu o XXVI Certame literario Manuel-Oreste Rodríguez, que se dividiu en tres modalidades distintas: narrativa, das que se recibiron 728 obras, poesía que se recibiron 512 e a modalidade especial Camiño de Santiago que recibiu 29.

O primeiro premio en poesía recibíuno Pedro Rodríguez Villar de Nigrán, seguido por Sergio Rodríguez Jiménez de Madrid. Os accésitos foron para Pedro Rielo de Pontevedra e Rubén Darío Romaní de Arxentina, así coma dúas mencións de honra que foron para Celia Corral de Salamanca e José Manuel Brea de Vigo.

En narrativa, o gañador foi Roberto A. Rodrigues de Icod de los Vinos, Tenerife, seguido de Carlos Huerta de León. En canto os accésitos, foron para Ana Vega de Córdoba e Laura Cabedo de Valencia. No caso das mencións de honra foron para Ignacio de Saavedra de Madrid e para o malagueño Félix Ares de Blas. Finalmente, na categoría do Camiño de Santiago, o premio foi para Manuel Laespada, de Albacete. Os gañadores foron galardoados con 1.000 euros de premio e os segundos na categoría de poesía e de narrativa recibiron 500 euros.

## Unha ruta con encanto

**Camiño Vello de Aldosende é un sendeiro lineal, en bo estado e sinalizado, que ten como protagonista o río Miño e que discorre pola Ribeira Sacra**

Coa pandemia, e despois de varios meses pechados, moitas persoas comezaron a adoptar outras rutinas e, certas actividades que se valoraban por uns poucos, entraron en auge. Así pois, unha das beneficiadas foi o sendeirismo, algo que Paradela valorou, co amaño e a composición dunha nova ruta. A ruta denomínase Camiño Vello de Aldosende -parroquia onde se atopa- e é un sendeiro recentemente homologado que ten coma protagonista o río Miño e discorre pola Ribeira Sacra. A ruta está dotada de varios miradoiros e remata no de Cavodevila e Penedo do Bico, cerca da desembocadura do río Loio no Miño. Ademais, o percorrido lévate por viñedos típicos da zona, así coma por bosques autóctonos.

Outro dato a ter en conta é o bo estado e a sinalización coa que conta a ruta. Sen embargo, conta cun problema e é que se trata dunha ruta lineal, polo que, cando se chega ao final, hai que voltar ao punto de partida ou, para non dar a volta, pódese levar algún vehículo ao final da ruta propiamente dita.

Por outro lado, Paradela conta con máis rutas de interés local. Outro percorrido que goza de certa importancia é a ruta do Loio, homologada pola federación galega de Montañismo. Esta ruta comeza na capital do municipio, no camiño da Ruxidoira ao pé do muíño do



Arriba, un miradoiro sobre o Miño e, abaixo, un dos tramos

Cabo e remata na parroquia de San Xoán de Loio. A ruta conta con paisaxes de diferente tipo coma fervezas, bosques de almendros, sauces e robles, así coma monumentos e capelas. Unha das paradas que máis destaca na ruta son as ruínas do monasterio de Santa María de Loio, un espazo onde se

creou a Orde Militar dos Cabaleiros de Santiago -doce cabaleiros que en 1170 fixeron o xuramento de protexer a peregrinos dos asaltos de infieis-. Desta edificación tan só se conservan as escaleiras, un sarcófago e a capela de Santa María do Loio que foi restaurada recentemente.

## Investidos 300.000 euros en rematar o viveiro de empresas

O Concello de Paradela rematará as obras do seu viveiro que está distribuído en cinco departamentos repartidos en dúas plantas. Os locais son susceptibles de xestión independente e as súas dimensións van dos 173 aos 373 metros cadrados. A inversión que se realiza é de 300.000 euros, dos cales a Xunta aporta o 80% (240.000 euros).

O obxecto é crear espazos funcionais que contén con moita superficie diáfana e dispoñan de recepción, vestiarios e aseos, entre outros servizos, para ofertalos a novas firmas que dean os seus primeiros pasos neste polígono. Os traballos remataronse fai un ano, sen embargo, aínda quedaba a urbanización do acceso, es-

tructuras interiores, instalacións de fontanería e electricidade, etc; obras que se levarán a cabo coa actual inversión e que permitirá que a partir de outono se poidan instalar novos emprendedores. Ata o de agora, os traballos supuxeron un custe de 552.000 euros aboados polo concello, dos que 85.000 foron para comprar os terreos e o resto empregouse na execución da obra.

En total, aprobouse a concesión de axudas por valor de case 900.000 euros para impulsar tres viveiros de empresas máis, ademais do de Paradela. En canto á cantidade beneficiaria desta convocatoria, O Corgo percibe 240.000 euros (coma Paradela), Monforte de Lemos 197.900 euros e Bóveda 192.000 euros.

## Destinan 480.000 euros para a mellora de estradas

O importe de execución no Concello de Paradela de diferentes obras de pavimentación é de algo máis de 480.000 euros. Entre as actuacións nas que se encontra dito investimento están: a pavimentación de Bustaregas a Portocarreira, o acceso a Campo Redondo, os accesos a Hedrada, os accesos a Acevedo, os accesos a Vilachá en Castro de Rei de Lemos e os accesos a Ferreiros.

Por outra banda, licitáronse as obras de construción para a mellora dunha rede eléctrica no municipio de Paradela. A Xunta concedeu a autorización administrativa e de construción cun orzamento de 121.740 euros. Así pois, as accións consistirán en soterrar 1.100 metros dunha liña de media tensión, así coma instalar un centro de transformación en Hedrada, en Castro de Rei de Lemos.



# DEPUTACIÓN

## Lanzan Coñece a túa provincia, un programa de viaxes gratuítas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa Coñece a túa provincia, unha nova medida que lanza a institución dentro do seu Plan de Impulso da Economía da Provincia e que está destinada a estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalería e o comercio local fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños e veciñas.

A Xunta de Goberno aprobou desenvolver o programa Coñece a túa provincia, e licitar un contrato para a súa execución durante este ano e o vindeiro, con opción de prórroga por outro ano máis, por un importe total que supera os 300.000€.

O presidente explicou que esta nova iniciativa de Deputación está dirixida a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e consiste en viaxes gratuítas en pequenos grupos, dunha xornada de duración, por distintos puntos da xeografía lucense, seguindo diversas rutas.

Segundo avanzou o mandatario



O prazo de inscrición comezará no mes de xullo

provincial, o prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo e as viaxes empezarán na segunda quincena de setembro e continuarán ata novembro. No ano 2022, as viaxes desenvolveranse na primavera (entre marzo e xuño), e no outono (entre os meses de setembro e novembro).

**4.300 PRAZAS EN 37 ITINERARIOS**  
En total, entre este ano e o próximo, Coñece a túa provincia ofrece-

rá preto de 4.300 prazas. As viaxes terán lugar de luns a venres, e contarán con guías profesionais de turismo. As asociacións poderán elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia.

Oito itinerarios son pola comarca da Mariña, 10 rutas son pola Ribeira Sacra, 8 itinerarios pasan pola zona de Ancares-Courel e as 11 rutas restantes percorreren as comarcas de Lugo e Terra Chá.

## O Pleno acorda pedir a Feijóo que financie os centros de maiores

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia que asuma as competencias ás que está obrigada por Lei e que "lle pague o que lle debe aos veciños e veciñas da provincia" en materia de residencias. Este é o contido do acordo que sacou adiante no Pleno ordinario deste martes o Goberno provincial, que aprobou abrir un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para que asuma tanto a financiación dos Centros de Atención a Miores da institución, como a súa inclusión na rede pública de residencias autonómicas. A proposta recolle tamén reclamar ó Goberno galego que modifique o seu modelo macro residencial para fortalecer e consolidar unha rede galega de residencias públicas de pequeno tamaño que garanta a permanencia dos maiores no seu entorno, mellorando a atención e xerando emprego de calidade que contribúa a fixar poboación no rural.

Pola súa banda, o PP negouse, unha vez máis, a que a Xunta asuma a súa obriga legal, recollida tanto no Estatuto de Autonomía como na Lei de Servizos Sociais, de contribuir ao financiamento dos servizos de atención ás persoas maiores na provincia.

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, recalca que, por Lei, a Xunta debe "contribuír a esa gran labor da que estamos moi orgullosos na Deputación" porque ata agora "non aportou nada, nin para a construción, nin para o financiamento dos centros de atención a maiores provinciais". "Tratar de xustificar que a Xunta colabora coas libranzas vinculadas é, ou non ter nin idea, ou ser hipócrita, porque estas son un dereito dos usuarios e usuarias, que a Xunta lles ten que dar porque non ten prazas públicas de residencia suficientes".

## Xa se poden presentar as candidaturas aos premios á hostalaría e o turismo

A Deputación de Lugo abre o prazo de presentación de candidaturas para a segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense. O Boletín Oficial da Provincia (BOP) recolleu este mércores 2 de xuño as bases da convocatoria destes galardóns da Deputación, que poñen en valor e visibilizan o traballo e a calidade do sector turístico e gastronómico da provincia. As candidaturas poden presentarse ata o vindeiro 2 de xullo, incluído.

Como novidade, na segunda edición destes galardóns, as candidaturas poden presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata, tal e como se solicitou no Consello Provincial de Turismo. Así mesmo, a proposta pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gastronomía a nivel provincial ou nunha



zona específica.

Serán nomeados tres premios en cada categoría e será o Consello Provincial de Turismo o que actúe como xurado nunha sesión extraordinaria. Premiarán a singularidade ou a repercusión positiva sobre a imaxe da provincia de Lugo, entre outros factores. As bases tamén recollen que os recoñecementos Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense serán entregados nun acto público, sempre que a situación sanitaria o permita, o vindeiro 27 de setembro, coincidindo co Día Internacional do Turismo.

## Aberto o prazo para solicitar este mes os Bonos Impulso

Abriu o prazo para que a veciñanza da provincia solicite os Bonos Impulso da Deputación de Lugo. A institución provincial repartirá 17.000 descontos nominativos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poderán solicitarse ata o día 21 de xuño e gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano. Con esta medida, que forma parte do Plan Impulso da Economía da Provincia da Deputación, mobilizáronse máis de 1,5M€ nos sectores máis afectados pola crise sanitaria grazas ao seu efecto multiplicador.

Na páxina web da Deputación de Lugo habilitáronse un espazo no que, durante 15 días hábiles, todos os maiores de 18 anos empadroados na provincia poderán pedir o seu desconto para gastar nos establecementos adheridos do seu concello, unha medida que naceu co propósito de xerar actividade económica nos 67 municipios que conforman a provincia de Lugo. A solicitude realizarase a través da

sede electrónica ou mediante o procedemento habitual, presentando a documentación nas oficinas de rexistro.

Os bonos poderanse gastar en todo tipo de actividade comercial, hostaleira e de servizos, agás á compra de bebidas alcohólicas, tabaco e lotarías. Asignaranse por orde de presentación de solicitudes, respectando o número mínimo e máximo establecido de bonos por concello, e fixando nesta primeira fase de asignación un máximo dun bono por persoa. Os beneficiarios recibirán na súa casa, a través de correo postal, o seu Bono Impulso, que poderán utilizar como método de pagamento nun único establecemento. Este bono será nominativo, é dicir, levará o nome e apelidos de cada persoa, o que permitirá identificalo no momento da compra. De non esgotarse todos os bonos nesta primeira fase de solicitude, a Deputación de Lugo habilitará novos prazos e realizará sorteos entre aqueles cidadáns interesados en participar no programa.

## Os circuitos teatrais comezarán no verán

A Deputación traballa na definición dos circuitos de teatro afeccionado e profesional para comezar coas actuacións de cara ao verán. Así, confírmase que se volverá crear un catálogo de obras e grupos para ofrecer as súas actuacións a concellos e asociacións.

Programaranse preto de cen actuacións de grupos afeccionados e profesionais cun investimento de 100.000 euros, "uns recursos que ademais de contribuír directamente á dinamización cultural das comarcas e concellos son un incentivo para a formación e a compra de equipamento técnico por parte dos grupos teatrais", din dende a Deputación. No ano 2020, a Deputación promoveu a través dos circuitos de teatro afeccionado e profesional un cento de actuacións nas distintas comarcas, coa colaboración de concellos e asociacións. Os ciclos incluíron obras de 15 grupos afeccionados e 9 compañías profesionais, contribuíndo a manter a súa actividade nos meses con maior incertidume sanitaria.

O ano pasado demostrouse, conxuntamente, que a cultura é segura, aplicando en cada momento as medidas de prevención indicadas.

## AGRO

# Acruga fai balance e aposta pola recuperación tralo ano de parón

Os indicadores de Acruga ao longo de 2020 desprenden un balance malo para un ano que foi así para multitude de sectores, con todo, desde a Asociación de Criadores de Raza Loura Galega, chaman a atención sobre algúns datos positivos que convidan a pensar nunha boa recuperación do sector para este 2021. Entre eles, destacan o incremento da media do número de animais por explotación; o mantemento da ganancia media diaria dos animais que se sacrifican; e o incremento de animais certificados con marca Tenreira Galega Suprema Carne de Rubia Galega.

Todo iso tradúcese nun bo comportamento da raza no mercado, con bos resultados na comercialización de tenreiros, á marxe do descenso da demanda de carne acusado pola pandemia. A asemblea, á que asistiron uns cincuenta gandeiros, serviu para tomar o pulso á Raza Rubia Galega e para expoñer os moitos proxectos que se desenvolverán ao longo do 2021, entre os que destacan a obtención do logo de Autóctono 100% e a posibilidade de sexar o seme dos touros.

Os datos cos que se pasa balance ao 2020 na Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega, Acruga, demostran o descenso en moitos dos indicadores se se realiza unha comparativa con 2019, un dos mellores exercicios para a rubia galega en, por exemplo, venda de animais en poxa e prezos medios destas adxudicacións. Con todo, pese ao descenso da demanda polas restricións e o confinamento, e a consecvente baixada dos prezos, o comportamento da Raza Rubia Galega foi similar ao dos exercicios 2018 e 2017, e mesmo mellorou algúns indicadores que permiten pensar nunha próxima recuperación.

Un dos principais é a media de animais por explotación: pasouse de 20 exemplares por gandería en 2019 a 23, o que a xuízo dos responsables de Acruga significa que aínda que se deron de baixa varias explotacións, a maioría eran pequenas, e pola contra as que se manteñen son máis grandes e profesionalizadas.


A ganancia media, os pesos ao nacemento e pesos ao destete mantivéronse con respecto ao 2020, algo moi positivo, pois unha das cues-

tións máis valoradas desta raza é a alta capacidade produtiva das súas canles, que se miden na denominada ganancia media diaria.

Un dos indicadores positivos neste mal ano para o sector refírese ao importante incremento dos animais certificados con márcaa Tenreira Galega Suprema- Carne de Rubia Galega, que pasou de 7.217 canles en 2019 a case 8.000 o pasado ano, o que demostra un bo comportamento da raza Rubia Galega no mercado do consumo coa comercialización de becerros, nun ano no que a demanda se esborallou en determinadas épocas pola crise sanitaria.

Outros indicadores, como o prezo medio en poxas, queda por encima dos niveis de 2018 pero lonxe dos excelentes prezos de 2019. En calquera caso fronte ás 12 feiras con poxas que celebra ao ano Acruga, no 2020 só puido levar a cabo tres, polo que o que estes datos hai que tomalos con certa prudencia. Así, en 2017, o prezo medio alcanzado en poxas era de 2.143 euros; de 2.110, en 2018 e de 2360 euros, en 2019. O pasado 2020 a media sitúase en 2.150 euros.

Esta media despréndese dos animais



Arriba, asemblea de Acruga e, abaixo, os datos de animais por explotación

adxudicados nas tres poxas que se celebraron este ano: Adai, en agosto do 2020; no centro de recría da Granxa Gayoso Castro, en outubro; e de novo en Adai, en novembro.

Non varía demasiado a distribución de animais por provincias e comunidades autónomas, con Galicia á cabeza, e en especial, a provincia de Lugo. Fronte á hexemonía de Gali-

cia, con máis de 33.000 cabezas de gando, séguenlle moi por baixo comunidades, que con todo, van incrementando ano a ano o número de explotacións que apostan pola loura e por tanto as cabezas de gando desta raza. Este é o caso de Castela e León con preto de 600 cabezas, ou Madrid, con case 300 exemplares de loura.

## A Xunta ten activa a prohibición das queimas agrícolas e forestais

Ata novo aviso, quedarán prohibidas as queimas de restos agrícolas e forestais realizadas por particulares en Galicia. Isto implica que quedan tamén en suspenso os permisos xa concedidos, xa que as comunicacións e autorizacións de queima carecerán de validez dende o momento da prohibición.

Esta decisión tomouse tras avaliar a evolución da situación meteorolóxica e unha vez analizados polo miúdo os indicadores técnicos que inciden no risco de lume. Tamén tendo en conta que a normativa, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais— prohibe as queimas cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control.

Así mesmo, a Xunta pide a colaboración da cidadanía para que extreme as precaucións e denuncie calquera actividade delituosa incendiaria.

## Case 4.000 galegos recibiron as axudas da PAC o ano pasado

Un total de 3.977 gandeiros e agricultores galegos recibiron da Xunta case 15 millóns de euros correspondentes ás axudas agroambientais e de agricultura ecolóxica da campaña de 2020 da Política Agrícola Común (PAC). En concreto, polas achegas de agroambiente e clima repartíronse 12,9 millóns e polas de agricultura ecolóxica algo máis de dous millóns de euros. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe a resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), dependente da Consellería do Medio Rural, que permite consultar estes beneficiarios, así como o importe das axudas concedidas.

Nunha orde publicada en febreiro do ano pasado, a Consellería regulou a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, así como as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control, no

marco da PAC. Cómpre sinalar que estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Cabe recordar que as axudas da PAC son de gran interese para o sector primario, xa que contribúen a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana. Deste xeito, perseguen compensar aos agricultores e gandeiros pola súa prestación de servizos esenciais, co obxectivo de que poidan competir con outros países ao tempo que atenden ás esixencias específicas dos consumidores europeos. Por último, cómpre lembrar que todos os que queiran consultar os beneficiarios das axudas agroambientais e de agricultura ecolóxica da PAC 2020, así como os importes concedidos, poden descargar a aplicación móbil Sga@pp e revisar as resolucións completas das solicitudes indicadas.

## O PSOE reclama a Medio Rural que desbloquee as concentracións parcelarias

A Comisión de Agricultura do Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de Lei do Grupo Socialista para reclamarlle á Xunta que desbloquee as concentracións parcelarias, así como o desenvolvemento da Lei de Mellora da Estrutura Agraria de Galicia –Metaga–, paralizada dende o ano 2017.

O portavoz de Medio Rural do Grupo Socialista, Martín Seco, presentou esta iniciativa, e sinalou que “no PP son responsables” do baixo aproveitamento das terras agrarias galegas, así como do abandono e infrautilización destas propiedades. Advertiu que a falla de impulso do goberno galego ten provocado que os traballos de concentración parcelaria tan só teñan adiantado un terzo da superficie prevista, con tan só 450.000 hectáreas concentradas.

Sinalou que o goberno galego ten bloqueado o desenvolvemento

da Lei de Montes Veciñais en Man Común do goberno presidido polo socialista González Laxe, así como a Lei do Banco de Terras que aprobou o goberno presidido polo tamén socialista Emilio Pérez Touriño. Ademais, o goberno galego é o responsable tamén de ter paralizado a súa propia Lei Metaga, arrobada en 2015 e que ten sen desenvolve o regulamento dende o ano 2017. Explicou que “as zonas agrarias produtivas de Galicia seguen necesitando incrementar a base territorial das explotacións para garantir a súa rendibilidade”, sinaladamente para parcelas que non son rendibles coas técnicas de cultivo actuais, e para as que a única ferramenta é a reestruturación parcelaria. Explicou que “ademais de reunir a propiedade en fincas de maior tamaño permite comprar ou arrendar parcelas de tamaño suficiente para facelas viables”.

# O PSOE denuncia os prexuizos da moratoria do eucalipto

O portavoz de Política Forestal do Grupo Socialista, Martín Seco, denunciou que a moratoria do eucalipto, anunciada pola Xunta con 4 meses de anticipación, “amplificou os problemas de monocultivo ao tempo que castigaba aos pequenos produtores”. O responsable socialista presentou unha pregunta oral en Comisión na que acusou á Xunta de converter o seu Plan Forestal en “papel mollado” días despois de aproballo.

Denunciou ademais que esta moratoria, ademais de “en diferido”, foi presentada “á carta”, permitindo máis prazo para grandes proxectos, como o da empresa Plafor, que vai cubrir con esta especie o equivalente a 760 campos de fútbol en As Pontes, no distrito máis castigado. Dixo que “non pode ser que estean a perseguir con multas a pequenos produtores que estean fora de prazo e permitindo grandes producións de monocultivo de eucalipto”.

Seco explicou que esta moratoria permitía continuar coa plantación da especie só nas parcelas que xa dispuxeran dela, e ademais deu catro meses de prazo aos pequenos propietarios para desfacerse do piñeiro e facerse con plantóns de eucalipto. Isto derivou en que os viveiros galegos esgotaran as existencias desta



especie, mentres tiraba por terra os prezos do piñeiro, xa que os profesionais non daban abasto para talar as árbores, “regaladas” para cambiar a produción.

Acusou ao goberno galego de impoñer a Lei do “sálvese quen poida” dando unha mensaxe nidia de “apurade e plantade rápido todo o eucalipto que poidades, antes de que o prohibamos para todos aqueles que non estiveron avisados”. Co engadido, dixo, de que esta estratexia desbotaba o Plan Forestal días despois de aproballo en pleno, un documento que fixaba un aumento do 3 por cento da superficie de eucalipto en cinco anos, para reducila un 5 por cento no cuarto quinquenio.

O portavoz de Política Forestal do

Grupo Socialista, Martín Seco, lamentou hoxe o “éxito” da anunciada prohibición da plantación de eucalipto por parte de Medio Rural, que ao dar un prazo de catro meses provocou un “efecto chamada” para disparar a plantación masiva da especie.

**BÁLSAMO DE FIERABRÁS.** Cuestionou que se presenten como “defensores do medio ambiente ao mesmo tempo que son os grandes defensores dos propietarios forestais e da gran industria”. Criticou que “queren ser como o Bálsamo de Fierabrás, o gran remedio para tódolos males, pero unha vez máis as súas ocorrencias traen consecuencias graves para tódolos nosos sectores produtivos”.

## Crianza de coellos

### APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**A** cría de coello para carne é, hoxe habitual pola nosa zona, a súa carne é moi magra facéndoa ideal para as dietas hipocalóricas e son unha fonte de proteína de moi boa calidade e fainos ideais no concepto de vida da autosuficiencia.

Pero os coellos son un animal que se non se ten en conta certas peculiaridades en torno a súa cría e da lugar a escoitar moitas veces frases como “non son capaz de criar coellos, ou sempre me murren”.

Primeiro debemos que ter en conta a peculiaridade de que a diferenza dos ruminantes (vacas, ovellas, cabras...) que teñen un estómago composto que saca tódolos nutrientes mediante diversas fases de dixestión e reprocesado da materia vexetal mediante a rumia. Os coellos realizan a fermentación da materia vexetal no cego. Esta fermentación non é tan efectiva como as dos ruminantes así que para intentar mellorar o aproveitamento da materia vexetal, os coellos recorren a cecotrofia que consiste en:

O animal inxire a materia vexetal, con axuda dos seus incisivos, triturado co seus molares, pasa polo estómago glandular similar o noso e logo pasa o cego, no que grazas a bacterias prodúcese

unha fermentación e logo pasa o intestino grosso onde se absorben os nutrientes, e logo defécense. Esas feces chámanse cecotrofos e nunca os vemos xa que son inxeridos directamente dende o ano, o reinxerir os cecotrofos, vólvese a a facer a dixestión dos mesmos e aproveitase moito mellor, extraendo vitaminas e outros nutrientes semidixeridos. E así vemos as feces finais que son duras e secas e practicamente son só fibra vexetal indixestible. Esta forma de dixestión, fainos moi efectivos aproveitando alimentos moi básicos como a herba seca.

Os coellos poden comer calque material vexetal, sempre hai que ter en conta que non debe haber un exceso de humidade polo que é ideal que cando apañemos herba, verzas e demais para darlles de comer, debemos deixalas unhas horas para que perdan parte da humidade. Tamén poden inxerir graos de cereal pero tamén debemos sempre suplementalo con fibra (herba seca, palla) para que poidan realizar a cecotrofia e non haxa problemas dixestivos.

A auga sempre debe esta ad libitum (sempre dispoñible) e ser de boa calidade.

Xeralmente criase en gaiolas, pero eso da moitos problemas de feridas nas patas e de benestar animal, o ideal é que estean no chan, con un medio seco (a humidade facilita a presenza de coccidios e logo de diarreas) e que poidan ter sitio para agocharse a escuras e que as femias poidan criar.

## Abre o prazo das axudas á apicultura

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde da Consellería do Medio Rural que establece o réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura e se convocan para este ano cun orzamento de 724.183 euros. Esta orde virá seguida dunha ampliación presupostaria que elevará o importe global a preto de 1,3 millóns de euros, tras o incremento de fondos confirmado por parte tanto da Unión Europea como do Estado e da Xunta. Isto supón case o dobre do orzamento do ano pasado, cando a partida total ascendera aos 724.105 euros.

A orde vai destinada tanto a particulares titulares de explotacións apícolas como a cooperativas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia. Dispón de seis liñas de subvención diferentes, nas que os custos subvencionables foron pactados co sector: para a asistencia técnica (dirixida só a agrupacións de apicultores), para a loita contra as agresións e enfermidades da colmea, para a racionalización da transhumancia, para medidas de apoio aos laboratorios de análise



de produtos apícolas co obxectivo de axudar ás persoas apicultoras a comercializar e a valorizar os seus produtos, para apoiar a repoboación da cabana apícola e para facer seguimento de mercado.

No primeiro caso, será subvencionable a contratación de persoal técnico e de especialistas para prestar información e asistencia a persoas apicultoras, así como de persoal de administración. Nesa primeira liña de achegas tamén se poderá financiar tanto a organización de cursos e xornadas como a edición de folletos e publicacións como sistema de divulgación. No relativo á loita contra

as enfermidades, inclúense a adquisición de tratamentos quimioterápicos e outros compatibles coa apicultura ecolóxica contra a varroase, a alimentación das abellas co fin de mellorar a vitalidade da colmea e de renovar ou purificar a cera e -como novidade deste ano- a adquisición de métodos para a captura, eliminación e control da avéspera velutina.

Na liña da transhumancia, a axuda deberá ir destinada á adquisición, conservación e mellora dos medios de transporte, para sistemas de protección ou vixilancia antirroubo, para a mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas, e para a subscripción de seguros de responsabilidade civil das colmeas. Canto ás medidas de apoio aos laboratorios, contéplase a contratación de servizos de análise do mel e dos produtos apícolas. No que respecta ás medidas de apoio á repoboación están enfocadas, fundamentalmente, á cría e adquisición de raíñas. Por último, a liña de seguimento de mercado está pensada para a realización de estudos de mercado ou elaboración de proxectos piloto.

O prazo de presentación de solicitudes remata a finais de mes.

### ELISARDO BARCALA



## DEPORTES

### A Sarriana comeza a fase de ascenso sen fortuna



A SD Sarriana non iniciou con moita fortuna a fase de ascenso a Terceira. O conxunto sumou un punto tras empatar contra o Sofán no estadio da Ribela en Sarria, despois de caer derrotados na xornada anterior contra o Atlético Montañeros. O equipo sarriano non conseguiu quedarse cos tres puntos despois dun encontro que rematou sen goles. Desta forma, a Sarriana queda na cuarta posición da clasificación.

A continuación, disputarán o encontro no estadio da Ribela contra o SD Boiro. Polo seu lado, o equipo xuvenil da SD Sarriana caeu derrotado por 3-1 contra o SD Ribadeo na final xuvenil de promoción de ascenso no estadio municipal Arturo Pereiro de Castro. Desta forma, o equipo de Ribadeo conseguiu unha praza na Liga Galega, así coma ser campión provincial nesta tempada tan atípica.



Reunión de responsables do club coa Deputación provincial

### Os clubs recibirán as cantidades pendentes da Copa Deputación

A área de Deportes estableceu as bases da Copa Deputación de Fútbol, que permitirán aboar aos clubs as cantidades correspondentes ás eliminatorias que xogaron antes da suspensión da competición en marzo de 2020.

A declaración do estado de alarma impediu a disputa das semifinais e finais da competición nos termos previstos en edicións anteriores e, polo tanto, que as entidades deportivas recibisen os ingresos correspondentes á súa participación no torneo. O procedemento que se aprobará na vindeira Xunta de Goberno habilitará á Deputación de Lugo para tramitar

o pagamento aos clubs das categorías sénior entre Preferente Autonómica e Terceira Autonómica masculinas ademais de Primeira e Segunda División Feminina.

Efrén Castro reuniuse con representantes das entidades para avanzar os pasos dados pola área de Deportes para cumprir o compromiso adquirido de buscar alternativas para aboar os ingresos previstos. Segundo se establece nas bases, cada club recibirá entre 385 e 600 euros por cada eliminatoria, en función da categoría e a súa condición de visitante ou local nos partidos disputados.

## Sarria acolle en xullo a XIII edición do campus Baloncesto no Camiño

A XIII edición do campus Baloncesto no Camiño chega a Sarria no vindeiro mes de xullo. O campus está dividido en dous turnos: un do 11 ao 18 de xullo -que xa está completo- e outro do 18 ao 25 de xullo.

O campamento está dirixido a nenos e nenas nados entre o 2004 e o 2013 que queiran disfrutar dunha actividade deportiva, cultural e de lecer. Así mesmo, preténdese promover e desenvolver o baloncesto dende a base, ofrecendo unha alternativa de diversión e aprendizaxe durante os meses de verán.

O número máximo de asistentes ao campus é de 70 por quenda. Unha vez se alcance ese número pecharase a inscrición. Neste caso poderase realizar a inscrición en lista de espera e en caso de producirse algunha baixa contactaremos co rexistrado da lista que se axuste ás condicións do causante da baixa.

Os prazos de inscrición son do 1 de xuño ata o 5 de xullo e pódese elixir entre dúas modalidades. Por un lado, réxime interno e por outro réxime externo.

No primeiro caso, os participantes hospedaranse no Albergue Casa Barbado e contarán con: adestramentos con adestradores superiores, actividades con director de tempo libre, adestramentos



Unha edición anterior do campus

de tecnificación, adestramentos de preparación física, excursións, competicións e actividades nocturnas, así coma pensión completa.

No segundo caso, o horario será de 10:15 hasta 13:30 horas pola mañá, e de 17:00 a 19:45 horas pola tarde e non se incluírán actividades fóra dese horario nin comidas. Por tanto, as actividades que se inclúen son: adestramentos con adestradores superiores, actividades con director de tempo libre e excursións, así coma o snack de media mañá e a merenda.

En ambos casos cóntase con seguro de responsabilidade civil e accidentes, así coma asistencia sanitaria da cruz vermella.

Para máis información ou para

anotarse pódese visitar a web [baloncestonocamino.es/campus/](http://baloncestonocamino.es/campus/)

**INICIOS DO CAMPUS.** A idea xorde en 2009, cando tres profesionais do deporte, Miguel Ángel Hoyo, director do campus; Miguel Moreno, director de márketing; e Adrián López, responsable de equipos no Club Baloncesto Sarria; unen forzas para crear unha plataforma de promoción do baloncesto a nivel galego, nacional e internacional, co fin de consolidalo como alternativa de lecer saudable para os máis novos.

A este obxectivo contribúen, co seu patrocinio e apoio, o colexio Frei Luís de Granada, les Gregorio Fernández, les Xograr Afonso Gómez, Club Baloncesto Sarria e o Concello de Sarria.

### La Vuelta pasará por 4 concellos da comarca

O 3 de setembro a etapa 19ª de La Vuelta ciclista a España, pasará pola comarca, en concreto polos concellos de Sarria, O Incio, Láncara e O Páramo.

A Deputación provincial de Lugo fará unha colaboración económica por un importe de 60.000€ e destacou que apostar por esta competición "supón un investimento en proxección internacional e en promoción turística dun valor literalmente incalculable, ao estar situada na elite do ciclismo mundial".

Estar presente na Vuelta "é unha das mellores formas de levar ó plano internacional a nosa oferta turística, e a nosa aposta por un modelo de turis-

mo de calidade, non masificado, sostible, de experiencias, e respectuoso co medio ambiente, tal e como demanda a sociedade neste escenario de saída da pandemia".

A etapa de La Vuelta que recorre a provincia ten un percorrido de 187,8 quilómetros, 139 deles na provincia de Lugo, e está considerada de media montaña. Está previsto que sexa unha xornada chave ao ser unha das últimas etapas e tratarse dunha zona con grandes subidas e baixadas que permitirán crear claras oportunidades de fuga entre algúns ciclistas, a altura máxima que alcanzarán nesta xornada os ciclistas será de 927 metros.

### Remataron os adestramentos na Escoliña CB Sarria

O pasado luns 31 de maio foi o derradeiro día de adestramentos de baloncesto da Escoliña CB Sarria. Nestas xornadas realizáronse actividades e diferentes deportes, ademais da actividade principal: o baloncesto.

Así pois, participaron os máis pequenos e pequenas nunhas xornadas que se realizaron no ximnasio do les Xograr Afonso Gómez, un espazo seguro e con capacidade para gardar distancias de seguridade e manter as medidas de seguridade oportunas. Dende o CB Sarria queren dar as grazas pola confianza posta no club aos pais e nais da Escoliña, así coma ao Concello de Sarria por formar parte das Escolas Deportivas Municipais. Remata deste xeito outra tempada atípica para o club coa interrupción da pandemia na vida deportiva.

# Un clube familiar que transmite o encanto do fútbol sala

Os Meigallos FS conta cunha evolución ascendente coa que forma a 150 nenos

Despois de 14 anos de vida, Os Meigallos FS segue evolucionando ano tras ano de forma positiva grazas aos esforzos de pais e nais que loitan por seguir traendo o fútbol sala á vila de Sarria.

Pódese dicir que a historia comezou cuns pais e nais que querían cumprir o desexo dos seus fillos de xogar ao fútbol sala, algo que non existía naquela época na vila, polo que crearon un equipo nunha categoría para poder competir. O interese do pobo por este deporte tan seguido en Lugo e en Galicia, levou a que esos pais e nais seguiron co proxecto ata convertilo no clube actual, que conta con tódalas categorías -biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, senior masculino e senior feminino- e con 150 nenos.

Unha historia que se podería definir como familiar, tal e como dixo a súa actual presidenta, Violeta Díaz, "se tivera que definir o clube cunha palabra sería familiar. Todos e todas axudamos no que faga falta, ben sexa lavar roupa dos pequenos, levalos aos partidos, etc. É unha familia na que colaboramos todos".

En canto ao número de nenos, según Díaz, suele crecer cada tempada, sen embargo este ano, polo tema da covid19, no-touse unha lixeira baixada "no-touse que veñen menos peque-

nos. Máis ou menos temos igual en tódalas categorías pero a algún non o deixan vir seus pais polo tema da covid. Realmente a xente aínda ten medo".

Así mesmo, dende o clube destacaron a adaptación de tódolos nenos ás medidas sanitarias correspondentes en cada momento xa que a pesar de ir variando e de teren que levar a máscara posta non é un problema se así poden seguir facendo o que lles gusta. Gracias ás medidas e ao bo procedemento do protocolo, Os Meigallos é un dos clubes que non rexistrou ningún caso de covid, polo que só tiveron que suspender os adestramentos cando foi obrigatorio para todos.

Sen embargo, un dos proble-

mas que máis lles afecta cada tempada é o tema dos adestradores "é un problema porque somos un clube familiar que só consegue unha subvención por parte da Deputación. De feito, o Concello de Sarria non nos dá axudas dende o 2016, polo que non podemos ter a naide que se adique ao fútbol sala por completo", sinalou Violeta Díaz. Por esta razón, o clube tira de canteira e os adestradores son os propios rapaces que xogan en categorías superiores e que contan co carnet de monitor ou de adestrador de fútbol sala.

Outro aspecto que se destaca dende o clube é a resposta que deu e que segue dando a xente da vila en canto ao equipo e aos encontros. O pavillón do Chan-



to lograba encherse tantos nos partidos dos xuvenís coma nos duelo do equipo senior masculino brindando ao equipo un re-

forzo moral e convertindo o partido de fútbol sala nunha data marcada todas as semanas que se xoga na casa.

Actualmente, coas restricións de aforo só poden entrar 56 persoas ao pavillón, polo que se hai que apuntar previamente nunha lista para poder asistir. Por esta razón é moita a xente que ten que quedar fóra xa que o aforo se completa con certa velocidade. En canto aos máis pequenos, só se permite pasar a dúas persoas por xogador para non pasarse do aforo e para cumprir coas medidas establecidas.

Pódese dicir por tanto que Sarria logrou crear un clube familiar que consegue xuntar a gran parte do pobo no pavillón para desfrutar e sentir un deporte, neste caso, o do fútbol sala.



## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INICIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



### TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021

# COLABORACIÓN

## Perdemos a exclusiva

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Probablemente non existe curruncho neste País onde non se teña producido algún litixio, con pleito incluído moitas das veces, por mor dos marcos das fincas. Afeitos estivemos, e aínda o estamos, a contemplar como veciños se poñían a mal polas lindes das súas leiras. Non hai aldea ao longo de Galicia que escape a estas diverxencias, as cales teñen derivado nalgúns casos en fatais desenlaces. E en todo lugar sempre había alguén que era autén-

tico “experto” na materia, coa finalidade de gañar algún metro máis de terreo, porque todo lle era pouco.

Esa cultura da propiedade tan arraigada que normalmente temos poda que inflúa nese tipo de comportamentos. Así, por un rego o paisano acudía xunto do seu avogado de confianza –ou iso pensaba el- e se tiña que acabar nos tribunais para defender a súa postura, pois facíao, aínda que o custe de todo o procedemento fose moi superior á probable ganancia que se agardaba obter.

Pero toda a terra é país e en tódolos sitios cocen fabas. Quizais nos pareza que no ADN galego vaían eses actos. Pois poda ser

que si, pero vemos que non somos soamente nosoutros. Así, noutras latitudes temos multitude de exemplos, nos que no canto de conciliar, óbtase por dar salto a outros estadios superiores, de consecuencias imprevisibles e polo xeral nada positivas. Se investigamos a fondo no rural asturiano, castelán ou estremeño, abofé que se atoparían similitudes a isto que podíamos pensar que estaba patentado por nosoutros.

Mais recentemente nos medios de comunicación, desde a prensa escrita ata a radio e televisión, fixéronse eco dunha nova protagonizada por un agricultor belga que resultou cómica pola súa espectacularidade. Este home non

entrou en conflito por variar o marco da súa propiedade en detrimento da do que tiña a carón. Nada diso. O amigo en cuestión foi quen de modificar a fronteira entre Bélxica e Francia, arrancando co seu tractor a pedra que sinalaba a liña divisoria de ámbolos dous países, saltando polos aires os acordos establecidos aló polo ano 1820. E non era un simple coio que se pode agarrar nun brazado, senón que era un pedroulo que pesaba 150 quilos. As interpretacións a dita acción, variadas; desde que existía unha firme intención de aumentar a superficie do seu agro, ata que simplemente levou o mollón por diante para poder así manobrar mellor co seu tractor. O caso é

que o atrevido labrego foi chamado a capítulo, xa que nada máis e nada menos que o seu feito variaba o límite establecido entre estes dous estados membros da Unión Europea. Ben é certo que seica eran pouco máis de dous metros, pero os franceses non estaban polo labor de perder un só centímetro cadrado da súa nación e o bo do home parece que non lle quedará máis remedio que voltar o marco á súa ubicación anterior. Aquí semella que non se producirá un conflito diplomático e solucionarase o asunto.

Sempre se dixo: Un mal acordo é mellor que un bo pleito. Polo que vemos, dous mil quilómetros cara o norte tamén seguen o refrán.

## Contos sen palabras

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Hai uns días tiven o pracer de asistir no meu querido Mondoñedo á presentación dunha exposición fotográfica sobre Carlos Casares comentada polo propio autor, o excelente fotógrafo Xurxo Lobato. Xamais asistira a un acto destas características tendo ao autor presente e foi unha experiencia moi gratificante. Lobato explicou conceptos moi interesantes sobre aspectos técnicos da fotografía, falounos sobre cómo as imaxes se colocan dun xeito concreto, seguindo unha orde específica, a relación entre o espazo, a sala de exposicións e as fotografías –aproveitamento da luz natural, disposición de portas e fiestras, etc.–, sen dúbida, información moi interesante e valiosa. Personalmente houbo unha frase que calou forte na miña cabeciña: “Unha exposición fotográfica é unha narración sen palabras”. Qué idea tan maravillosa e chea de verdade. Neste caso, sen coñecer en profundidade a vida de Carlos Casares (1941-2002), puiden descubrir cantidade de historias da súa vida profesional e persoal sen ler unha soa palabra. A cada paso, con cada fotogra-

fía, unha nova imaxe reveladora diante dos meus ollos mostrando á persoa, ao home, ao escritor. O amor polo seu Ourense natal, Lamas, Sabucedo, Santiago de Compostela, A Ramallosa –parroquia pertencente ao Concello de Nigrán onde residiu moitos anos–, a súa fascinación por Suecia –país que visitou en numerosas ocasións coa súa esposa Kristina–, etc. Toda unha vida en imaxes, unha idea fantástica especialmente ligada a Carlos Casares, quen gostaba da pintura. De feito, varias das súas obras foron ilustradas con cadros do pintor austríaco Adolf Schiele (1890-1918), referente da arte expresionista e un dos pintores preferidos de Casares.

Igual que unha imaxe pode expresar unha idea con claridade, a música goza dese mesmo poder. É realmente fascinante a capacidade descritiva dunha obra musical incluso cando non falamos de “música programática”, ou música que xa naceu ligada a un texto ou imaxe. Un exemplo moi representativo é o poema sinfónico “Prélude à l’après-midi d’un faune” do compositor francés Claude Debussy (1862-1918). Esta maravillosa peza está inspirada no poema homónimo de Stéphane Mallarmé, posteriormente adaptada tamén para os “Ballets Rusos” de Serguéi Diáguilev. Se falamos de música e

imaxe hai unha mención obrigada: “Cadros dunha exposición” do compositor ruso Modest Músorgski (1839-1881). Aínda que foi escrita orixinalmente para piano, acadou moita popularida-



de coa maxistral orquestración de Maurice Ravel (1875-1937). Músorgski compuxo esta suite inspirándose en dez cadros incluídos na exposición póstuma do seu bo amigo, o artista e arquitecto, Víktor Hartmann. Curiosa é a obra do compositor romántico alemán F.Mendelssohn (1809-1847) “Lieder ohne Worte”, “Cancións sen palabras”. Este conxunto de oito ciclos, cada un composto por seis pezas curtas para piano só, representa

o paradigma da música que, sen estar ligada a un texto concreto, calquera de nós podería imaxinar fermosos versos conectados a tan claro exemplo de lirismo e beleza. En contraposición temos

imaxe, unha palabra. Sentarte nun banco pola rúa e imaxinar contos sobre a xente que camiña inmersa nos seus pensamentos, os contos arredor da lareira en tempos antigos ou modernos –como disfrutamos hai uns días a miña querida Carol e máis eu entre risas, queixo e chocolate–. A imaxinación non coñece límites e calquera situación do día a día pode dar pé ao comezo dunha gran historia. Xamais é posible saber con seguridade qué misterios agochan o interior das cousas, sexan persoas, un poema, un cadro ou mesmo o ourizo dunha castaña. O que por fóra pode parecer agreste e cheo de espiñas, pode rematar por sorprendernos e amosarnos auténticas xoias ocultas.

«Hasme oír,  
Agora busco que conxugues ben  
o verbo dos posibles,  
e que ti esquezas esa radio de cousas previas  
amarrada sempre aos pensamentos.  
Hasme oír: déixate  
Que te percibas a ti,  
Tamén ti atropelada das palabras,  
á procura de trazos que nos describan.»  
“Intempériome” de Xela Arias (1962-2003).

os dous ciclos de cancións que F.Schubert (1797-1828) compuxo sobre poemas do autor alemán Wilhelm Müller: “Die schöne Müllerin” e “Winterreise”. Sinerxía perfecta entre poesía e música, conectados ademais cos cadros do paisaxista alemán Caspar David Friedrich –véxase a pintura “O camiñante sobre o mar de nubes”–. O mundo que nos rodea está cheo de posibles historias inventadas, momentos que nos inspiran unha

## Cinco segundos

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**N**o tocante a escribir, nesta ocasión vou a invitarvos a pensar, lectores. A asociar cada idea deste texto cunha persoa, un momento ou unha sensación; unha canción, un baile, un libro ou un verso. Unha idea pasaxeira ou permanente, unha fotografía ou un bico. E se queredes, logo de lelo dicidello, así con apelativo despois da coma. Pero facédeme caso e poñede a coma. Paula, cada vez que sei que teño clase contigo veño de mellor humor á Academia. Ángela, o café non me sabe igual cando mo preparas ti. Ana, se fose nai, gustaríame ser unha miguiña coma ti. A "Vecina Rubia" fala da regra dos cinco segundos para emitir un xuízo de valor sobre algo ou alguén. E non pode estar máis acertada, coma de costume. Dille a alguén algo tan

só se o pode cambiar nun período máximo de tempo de cinco segundos. Desta maneira, non poderías dicirlle a alguén, "canto engordache este verán", pero si poderías dicirlle que ten un moco no nariz, por exemplo. A miña nai non é quen en cinco segundos de reaccionar e esquivar unha laranxa se lla tiras con forza á cara, pero tampouco fai moita proba a boa da muller, bastante ten con aturarme durante bastante máis de cinco segundos explicarlle algún axioma que se me complica ao longo do corredor. Así que antes de atribuírlle a alguén unha premisa, pensade neste parágrafo tan regular explicado.

Entra agora na aplicación moedeiro do teléfono, a que está baleira e non emite notificacións desde fai máis dun ano, pecha os ollos despaciño, agora ábreos e mira, hai descargada unha entrada para ver a Coldplay, a quen escribirías para que fose contigo? Ou preferirías ir soa? De seguro que se tiveses en fronte a alguén que agora non pode

estalo, terías moi claras cada unha das palabras que dirías, mesmo a ausencia delas para tapalas cunha aperta, pois faino, antes de que sexa



demasiado tarde. Houbo unha noite que foi a peor para a miña familia, sen dúbida, unha noite tan ruín que nos roubou a todos os membros da mesma o dereito dun último bico. Mais miserable foi esa noite para miña tía, a ela rouboulle media vida

e a outra media aínda está aprendendo a vivila. Escóitase máis, pero fala máis tamén, gústame cando o fas, porque te noto preto, ao revés que versa o poema. As palabras achegan corazóns separados polo orgullo. Seguindo cos mandados, agora esperta do asiento sen fiesta dun avión logo de doce horas dun voo soporífero que te devolve á casa, ou ao que ti sempre entendiches por iso, a quen botarías en falla na terminal? Tiveches cinco segundos e xa vin que pola túa mente pasaron varios nomes, pero desgraciadamente algúns deses nomes non saben nin saberán nunca que ocuparon esa posición privilexiada na túa memoria. Nin saberán nunca que tes para eles un pedaciño de acougo na túa alma. Ao avó Libardo facíalle especial ilusión cando lle daban o lirio de romeiro por San Antonio, e sabes que? Que eu nunca lle merquei flores ata que me tocou levarllas ao camposanto. A iso me refiro, a chegar demasiado tarde. Os meus amigos fixeron un xogo no

que tiñamos que amosar tres cancións que nos definisen para outras persoas. Dúas delas non mas esperaba en absoluto, e unha aínda non a recibín. A min, que xa me encantaba que me fixesen descubrimentos musicais, non me puido gustar máis a idea, por iso agora vou a tratar de definir eu ás persoas que quero cun libro, co difícil que me vai a resultar esa tarefa. Belén sería Ámote, de Xosé C. Caneiro. E como non é o mesmo contalo que vivilo, aquí empezo a practicar un pouquiño diso que predico.

A darlle un tento a algún deses plans da lista de cousas improbables por facer. Porque di Laura Ferrero que tamén nos definen os desexos. Apela a que as nosas biografías deberían comezar por aí, por recoñecer o que non podemos ou non soubemos vivir, porque afirma ser xustamente aquilo que en ocasións remata por definirmos. E ti, que foi o que non soubeches vivir? Se cadra, estás a tempo, ou igual xa é demasiado tarde, o Demo o sabe.

## Complemento de paternidade

APUNTES XURÍDICOS



VEIGUELA  
ABOGADOS

**O**novo complemento de "paternidade" nas pensións por incapacidade permanente ou xubilación, convértese na reclamación máis esixida polos homes pensionistas! O complemento por maternidade nas pensións foi introducido no ano 2016, tras unha reforma da lei xeral da seguridade social e supuxo un incremento nas pensións de todas aquelas mulleres que tivesen dúas ou máis fillos. Este complemento por paternidade recoñecido exclusivamente ás mulleres, permitía que puidesen cobrar un importe máis elevado na contía da súa pensión, que se viu incrementada desde un 5% ata un 15% dependendo do número de fillos que tivesen, e excluindo desta posibilidade aos pensionistas homes.

O feito de que este incremento nas pensións outorgábase exclusivamente ás mulleres, provocou continuas queixas e reclamacións no noso país, ata que finalmente o tribunal de xustiza da unión europea nunha sentenza do 12 de decembro de 2019, recoñece tamén o dereito dos

homes para percibir este complemento.

Esta sentenza dítase por mor dunha demanda presentada por un home pensionista, pai de dúas fillas, contra o instituto nacional da seguridade social, reclamando que lle fose recoñecido o com-

plemento na súa pensión. Por mor desta sentenza do tribunal de xustiza da unión europea, os tribunais de xustiza españois xa veñen aplicando esta decisión e recoñecendo un complemento a todos aqueles homes que

teñan dous ou máis fillos e que perciban unha pensión por incapacidade permanente ou xubilación (mesmo o recoñece o noso Tribunal de Xustiza de Galicia nunha sentenza ditada o día 20 de maio de 2020).

Grazas a estas sentenzas, moitos homes pensionistas do noso país que teñen dous ou máis fillos, están a ver como se incrementan mensualmente as súas pensións mensuais.

**Cales son os requisitos que tes que cumprir?**

Ter unha pensión por incapacidade permanente ou xubilación recoñecida entre o ano 2016 e o ano 2021. Ter ou ter dous ou máis fillos (biolóxicos ou adoptados).

**Que beneficios supón este complemento?**

Verás incrementada a túa pensión de forma mensual nunha porcentaxe, dependendo do número de fillos que teñas ou tiveses: Incremento nun 5% se tes dous fillos, incremento nun 10% se tes tres fillos e incremento nun 15% se tes catro ou máis fillos.

Ademais existe unha sentenza do xulgado do social da coruña, de data 6 de abril de 2021, Que recoñece tamén o dereito para percibir, a maiores do incremen-

to mensual, todos os atrasos desde a data en que foi recoñecida a pensión de incapacidade permanente ou xubilación, polo que non só lograrás incrementar a túa pensión mensual senón que cobrarás todos os atrasos correspondentes.

**Que documentación necesitas para reclamar o complemento de paternidade?**

Unicamente a copia do teu DNI, libro de familia e a resolución (ou no seu caso, a sentenza) pola que se recoñece a túa pensión.

Non só os pensionistas a cargo da seguridade social teñen dereito a este complemento, os homes homes que teñan dous ou máis fillos e perciban unha pensión por incapacidade permanente ou xubilación das clases pasivas do estado tamén teñen dereito a percibir este complemento.

**Onde podo acudir para reclamar o meu complemento de paternidade?**

Para reclamar este complemento debes reunir a documentación indicada, e acudir a un despacho de avogados especializado en dereito laboral. En veiguela avogados reclamámolo sen cobrar primeira consulta, e só che cobraremos en caso de éxito da túa reclamación.



plemento por "paternidade". O instituto nacional da seguridade social denegoulle este complemento alegando que unicamente lle correspondía ás mulleres.

Esta disputa, deu lugar a que o xulgado do social número 3 de

complemento na súa pensión. Por mor desta sentenza do tribunal de xustiza da unión europea, os tribunais de xustiza españois xa veñen aplicando esta decisión e recoñecendo un complemento a todos aqueles homes que

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A Ponte de Carracedo



**A** ponte de Carracedo ao seu paso polo Concello de Lánca é un dos seus monumentos máis representativos, que foi levantada no século XVI e que sigue resistindo o paso do tempo e sendo testigo da historia. A súa relevancia quedou patente ao figurar no blasón municipal.

As tranquilas augas do Neira bañaban os piares dunha ponte de orixe romana que serviría de base para levantar a actual, construída en granito.

A ponte que hoxe mira impertérrita o paso do tempo foi un enclave importante pois por ela pasaba unha antiga calzada, coñecida como Camiño dos Romanos. Hoxe en día cruzar esta ponte e toda unha marabilla pois está no medio da natureza salvaxe da zona.

Conta con sesenta e dous metros de longo, unha calzada de 3,5 metros e unha altura máxima de 9 metros. A súa estrutura é medieval. Presenta catro arcos de medio punto de sillería granítica, sendo os dous primeiros os únicos que con niveis normais de auga estarían dentro do leito do río e

## A ponte foi construída en granito no século XVI sobre unha base romana

actuando os dous restantes como desaugadoiros. Para darlle máis encanto dicen del que presenta forma de grupa de camelo.

Tamén conta no centro cunha

estrutura prismática que o coroa e que semella unha fornela que acolle un pequeno templete que albergaba a imaxe de San Miguel. Segundo o dito popular había sobre a ponte unha torre que se utilizaba para cobrar unha peaxe aos camiñantes que por ela pasaban. Ademais, ao pé da ponte había un vao que obrigatoriamente tiña que ser atravesado por carros e gando na época de estío para evitar o seu deterioro.

Pero sen dúbida unha das súas referencias históricas afirma que foi lugar de confluencia dos correos procedentes de distintos puntos de Galicia. Cada xoves xuntábanse os procedentes de Sarria, Monforte e Ourense, que, xunto cos do resto de Galicia saían cara á Corte de Castela.

A rasante da ponte é de dobre pendente, con tramos desiguais,

producíndose o cambio no pilar situado entre os arcos principais. Foi reparada na primeira metade do século XVII, pois sábese dun reparto realizado pola Real audiencia de Galicia en 1640 para o pagamento das obras realizadas. Segundo o trazado desta antiga vía romana, moitos peregrinos

desviábanse do Camiño Francés no lugar de Lamas de Viduedo, pasando polo Furco, Galegos, Carracedo, Bande e Hospital de Chamoso na búsqueda da cidade amurallada.

Máis tarde, nos anos 90, foi restaurada respetando a súa peculiar traza de lomos de mula.



Arriba, dúas imaxes da ponte e, abaixo, a fornela situada no medio

## DESARROLLOS EN INTERNET PARA EMPRESAS Y PROFESIONALES

